É importante mencionar que o CINBIO conta con investigadores principais cun alto impacto de citas, como é o Dr. David Posada que foi durante máis de 10 anos highly cited autor (en 2018 non apareceu debido a un cambio de liña de investigación). Así mesmo, destacan os índices h de Isabel Pastoriza (ih 60, WoS; 65 GS) (maior índice da Uvigo e quinta de toda Galicia), Jorge Pérez Juste (ih 57), David Posada (ih48)), Juan Carlos Parajó (ih 48), Herminia Domínguez (ih 45), Angel R. De Lera (ih 43) e Miguel Correa (ih 42).

Publicacións

Durante 2018-2019 publicáronse un total de 305 traballos, 272 artigos en revistas científicas (75,3% Q1), incrementándose este número con comunicación a congresos e outros informes científico-técnicos

	Artigos	Libros/Capítulo de libros/Congresos/Outras publicacións	TOTAL
2018	272	33	305
2019			

Cabe destacar que os artigos foron publicados en revistas científicas de alto impacto, como son: Nature Nanotechnology; Nature Rev. Cancer; Nature Rev. Materials; Nature Rev. Genetics; Nature Materials; Journal of Statistical Software; Nature Communications; Journal of the American Chemical Society; Advanced Materials; Angewandte Chemie International Edition; Nanotoday e Nanoresearch.

Investigación e Transferecia

Un dos retos prioritarios do CINBIO como Centro de Investigación Singular recoñecido pola Xunta de Galicia, é o posicionamento do centro como polo de excelencia en investigación biomédica, o que permitirá lograr unha maior captación de talento internacional no ámbito biomédico. Para conseguilo, os investigadores traballan na procura e captación de fondos, ben a través de proxectos investigación, contratos con empresas, ben a través da participación en redes de colaboración que lles permitan consolidar as súas investigacións a nivel nacional e internacional.

O CINBIO conseguiu financiamento durante o seu período como Centro Singular (2016-2019) para 95 proxectos, sendo 23 deles de alcance internacional e 35 de ámbito nacional.

No ámbito internacional, son varios os investigadores das diferentes áreas de investigación que participan en iniciativas que proveñen de programas 7PM, H2020, SUDOE, POCTEP, MSCA e a AXA Fellowships, baixo a cal, a AXA Research Fund apoia a carreira de xoves investigadores prometedores en temas prioritarios para a sociedade e que supoñan un gran avance do seu campo. Actualmente mantéñense en activo 17 proxectos internacionais, dos cales 4 iniciáronse en 2019.

Segue a destacar o proxecto internacional ERC Consolidator Grant do Dr. David Posada do 7º Programa Marco e o proxecto acadado na convocatoria europea RIA – Societal Challenge do Programa Horizon2020.

Os investigadores do CINBIO participan en varias redes tanto nacionais como internacionais, completando durante este curso académico o panel de colaboración en rede, a participación nunha nova acción COST (“Advanced Engineering and Research of (aero) Gels for Environment and Life Sciences”), e o liderado dunha Rede baixo a convocatoria de axudas de consolidación: BIOAUGA. Biorremediación de augas doces contaminadas. Contan ademais cunha elevada produción de transferencia ao ter no seu haber 5 Spin-offs, licenciamiento de 4 patentes e 27 rexistros de software.

Docencia

Dos programas de doutorado do ámbito biomédico, 7 deles están coordinados por investigadores do CINBIO e outros investigadores son docentes, tal e como se mostra na táboa adxunta:

Programa de doutorado	Coordinador/a
Nanomedicina	Isabel Pastoriza
Ciencia e tecnoloxía química	Rosana Álvarez
Endocrinoloxía	Federico Mallo Ferrer
Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	Juan P. Hervés
Neurociencia e psicoloxía clínica	José Antonio Lamas
Física aplicada	José Luis Legido
Estatística e Investigación operativa	Jacobo de Uña

Os líderes dos grupos que están coordinando programas de mestrado durante este curso son:

- Neurociencia, coordinado polo Dr. Jose Antonio Lamas.
- Nutrición, coordinado polo Dr. Lucas González.
- Técnicas Estatísticas, coordinado polo Dr. Jacobo de Uña.
- Investigación Química e Química Industrial, coordinado pola Dra. Rosana Álvarez.
- Biotecnoloxía Avanzada, coordinadora do módulo de Biotecnoloxía sanitaria a Dra. Diana Valverde.

Comunicación

O Centro dispón de website propia <http://cinbio.es/> en inglés e galego, onde se actualiza periodicamente a actividade do centro e conta cun plan de comunicación interno co que se leva a cabo a difusión de noticias, ademais da difusión a través do servizo de comunicación da Universidade (DUVI). No curso 2018-2019 segue a destacar a celebración do Annual Meeting (AM) organizado por un Comité formado por un equipo interdisciplinar de posdoutorandos do CINBIO. En xullo de 2019, celebrouse a terceira edición do congreso, co gallo de facilitar un punto de encontro e interacción entre investigadores, profesionais da medicina e do ámbito da saúde en xeral de Galicia, España e doutros países.

A actividade organizativa dos posdocs do CINBIO continua coa celebración de seminarios quincenais, co fin de coñecer as liñas de investigación e posibilidades de colaboración futuras, e os grupos de investigación journal clubs (semanais).

Outros seminarios e charlas organizados que podemos destacar son:

- Curso sobre a Xestión do Risco Biolóxico. Impartido por Gonzalo Pascual Álvarez (MCIIN).
- Curso de Citometría dirixido a investigadores del centro.
- Curso de Histoloxía dirixido a investigadores del centro.
- Participación na II Xornada de Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (22 nov 2017).

Divulgación

As/Os investigadoras/es do CINBIO forman un equipo moi emprendedor na promoción e difusión das investigacións que se desenvolven no centro, co fin de achegar a ciencia ao público en xeral. Así, forman un equipo moi dinámico participando e promovendo diferentes actividades de carácter divulgativo:

Celebración das Xornadas de portas abertas do CINBIO en Vigo e Ourense co apoio da Xunta de Galicia para a organización de charlas e talleres dirixidas á sociedade en xeral. (26-27 de outubro de 2018).

As actividades celebradas en Vigo foron as seguintes:

- Talleres ‘As túas células e os seus xenos’, relacionado coa secuenciación dos xenos e ‘Preparación de nanopartículas de ouro’, e as súas propiedades.
- Charlas: ‘Arquitectos moleculares’, relacionada coa síntese de fármacos; ‘Medicina e saúde: os datos contan’, relacionada coa apnea do sono, en colaboración co Sergas.

En Ourense:

- ‘Biomoléculas activas no teu día a día’, relacionado con os prebióticos e antioxidantes, no eido da Enxeñaría Química, de Ourense.
- ‘Intelixencia Artificial no ámbito sanitario’, a cargo do grupo de Sistemas Informáticos de Nova Xeración, SING, de Ourense.

Outras Xornadas e actuacións de interese:

- Colaboración con centros escolares e institutos para recibir aos estudantes no centro e impartir charlas divulgativas nos propios colexios.
- Celebración da xornada Un día no Cinbio coa colaboración da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. Charlas a nenos en centros escolares e institutos (11 de febreiro de 2019).
- Participación no programa de maiores da Universidade de Vigo.
- Publicacións en revistas de divulgación científica.
- Participación de varias/os investigador/as en actividades divulgativas como “Pint of Science” (20-22 de maio de 2019).
- Presentación de traballos en congresos.

Co fin de promocionar o CINBIO como Centro Singular, a nivel internacional sobre todo, o centro seguiu apostando pola participación en encontros internacionais, financiando a asistencia a congresos punteiros en diversas áreas onde os nosos investigadores realizaron relatorios ou ben presentaron pósteres.






Vigo Tecnolóxico

No ano 2013 iniciouse a carreira pola especialización nas universidades galegas, feito que a nosa universidade aproveitou levando a cabo accións de cara a consagrar os seus campus universitarios coas máximas distincións e recoñecementos no marco da excelencia e internacionalización. Dacordó con esta visión, a estratexia da Universidade de Vigo é continuar a medrar ata acadar o prestixio internacional para a súa comunidade tanto a nivel educativo como na investigación, apostando pola distinción grazas á obtención das acreditacións para os seus campus.

Co cambio de goberno na Universidade de Vigo, a dirección do campus pasa a depender da Vicerreitoría de Transferencia, xestionada por María Consuelo Pérez Vázquez. Entón, a partires do 8 de xunio de 2018, co nomeamento de Daniel Villanueva Torres como Director do Vigo Tecnolóxico, comenzouse a traballar no Plan de Acreditación Do Campus de Especialización seguindo as directrices acotadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. De acordo co devandito proceso, delimitáronse e aprobáronse as novas liñas de especialización do Vigo Tecnolóxico, para as que se tiveron en especial consideración as áreas de investigación dos centros de investigación Cintecx e AtlanTTic (tecnoloxías, enerxía, procesos industriais e telecomunicacións). Do mesmo xeito, delimitáronse os


modelos de gobernanza e organización, establecéndose as estratexias e desenvolvendo os plans operativos e de viabilidade económica para o período 2019-2022. No primeiro, recolléronse os retos e actuacións a superar no periodo de tempo estipulado, en conxunto co segundo, no que engloba os programas de xestión e coordinación, de comunicación e difusión, o programa de docencia, o de investigación, o programa de transferencia e o programa de internacionalización para o campus de especialización.





Organización Administrativa





Vicerreitoría do Campus de Ourense

Convenios asinados e convocatorias

- Convenio coa Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense.
- Convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento das bolsas de mobilidade Ourense Exterior.
- Convenio de colaboración co Concello de Ourense no desenvolvemento da XXIV MITEU.
- Convenio de colaboración en materia de Arqueoloxía co Concello de Oímbra e o Concello de Monterrei.
- Memorando de entendemento con Flanders Hydraulics Research.
- Convenio de colaboración con Viaqua, S.A.U.
- Convenio específico de arqueoloxía co Concello de Allariz.
- Convenio de colaboración con Anasbabi Ciliopatías.
- Convenio de colaboración co Colexio Marista Santa María Ourense.
- Convocatoria de axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (InOu2019).
- Convocatoria de bolsas Ourense Exterior

Xornadas e actividades

- Xornada Internacional de Enfermidades Raras: Ciliopatías Comúns e Ultrarraras.
- Actividade “Exxperimenta en Feminino”.

Campus da Auga

- Posta en marcha do Edificio do Campus da Auga
- III Congreso Internacional da Auga.
- Participación da Universidade de Vigo, a través do Campus da Auga, como socia fundadora de Aquavalor (Centro de Valorización e Transferência da Água).
- Agrupación Estratéxica CITACA.
- Recoñecemento pola Xunta de Galicia, concesión de subvención para o periodo 2018-2020 e posta en marcha da Agrupación Estratéxica do Campus Auga CITACA, que reúne a 8 grupos de investigación da Universidade de Vigo e 1 da Universidade de Santiago de Compostela e mais de 120 investigadores.
- Xornada de Networking CITACA.
- En decembro de 2018 o Campus da Auga financiou unha actividade de networking entre as investigadoras e investigadores da agrupación estratéxica CITACA

e diversas empresas, na xornada de presentación da mesma.

- Xornada de divulgación “Os sabores nas augas minerais naturais”, en colaboración co Grupo Cuevas.

Actividades culturais

Exposicións:

- Sala Alterarte: Animais en perigo de extinción, de Xosé Vilamoure/Ángel Cerviño; Médrame vulto, de Diego Vites/Ania González; Utopía ou distopía, de Soledad Penalta/ Xabier Lima de Gardón; Iconofobia, de Ánxel Huete/ Luis Sirvent, desde setembro de 2018 a xuño de 2019
- Colección Estado Crítico 3, na Fundación Vicente Risco de Allariz, do 23 de xaneiro ao 17 de febreiro
- Outono Fotográfico: Camiños de Santiago, de Ramón Fernández, do 4 de decembro ao 18 de xaneiro, no edificio Politécnico; XIV Certame de fotografía da Uvigo, colectiva, na biblioteca Rosalía de Castro
- Sen moldes II, colectiva, na biblioteca Rosalía de Castro, do 20 de marzo ao 24 de abril
- XVIII Concurso do Clube Alpino Ourensán, colectiva, na biblioteca Rosalía de Castro
- Pareidolias. Viaxe interpretativa pola arte microscópica, no edificio Politécnico, do 16 de novembro ao 15 de decembro

Teatro:

- 14 MOTI (Mostra de teatro infantil), o 21 e do 26 ao 30 de decembro
- 24 MITEU (Mostra internacional de teatro universitario), do 25 de abril ao 11 de maio
- Premio de honra Marisa Soto á Aula de teatro de Ourense, dentro dos XXIII Premios María Casares

Obradoiros e aulas de extensión:

- Primeiro cuatrimestre: 13 obradoiros
- Segundo cuatrimestre: 11 obradoiros

DOCs do mes

- 5 proxeccións, de marzo a xuño de 2019

Cursos de extensión

- 6 cursos de verán e extensión universitaria, entre xuño e setembro de 2019.

Outra programación cultural:

- Día de Rosalía, varias actividades 25 de febreiro
- 8º Portugués Perto, varias actividades, do 29 de marzo ao 6 de abril
- Venrespirar, 29 de marzo
- Letras galegas 2019, varias actividades, 15 de maio
- Presentación do catálogo Estado Crítico 3

Coro:

- Flashmob na biblioteca Rosalía de Castro, o 4 de outubro
- International Me&Dm Symposium en Santiago o 25 de xaneiro
- XIV ECU (Encontro de Coros Universitarios) en Braga o 14 de abril
- III Congreso Euroamericano de Dereito e Política en Ourense o 25 de abril
- 7 actos de graduación

Deportes

A sección de equipos federados do Campus de Ourense está formada por:

- Clube de Baloncesto masculino e feminino
- Clube Xadrez Ourense
- Clube Dereito - Empresariais de tenis
- Clube Campus Ourense Rugby

Datos de uso das instalacións deportivas:

- Pista de atletismo: 1.392 usuarios individuais. 15 entidades xurídicas, cunha media de 15 persoas cada unha.
- Campo de herba sintética: 1.288 reservas con una media de 30 personas cada una.
- Pistas de tenis: 1.536 reservas.
- Pista polideportiva cuberta: 1028 reservas, una media

de 15 personas.

- Sala de cardio fitness: 24.769 usuarios (5.995 mulleres e 18.774 foron homes).

Actividades desenvolvidas

- Escolas Deportivas
- Rutas Culturais
- Etapa da Vuelta Ciclista a España
- Etapa circuito Correndo por Ourense
- Xornada de iniciación ao Roller Derby
- Curso de Drons (Escola de Enxeñería Aeronáutica e do Espazo)
- Día Muncial das Universidade saudables
- Xornada do Clube Alpino
- Master Class Zumba
- Acto e ruta conmemorativos 20 aniversario rutas culturais
- Campionato galego de orientación
- Athletics Meeting Ourense Termal
- Master Class Ciclo Indoor
- Copa Deputación Provincial de Atletismo
- II Open de Marcha Nórdica Campus da Auga-Cidade de Ourense
- Campus baloncesto Escola Deportiva Ourense
- Campus de Amencer





Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

A presente memoria é un resumo das actividades desenvolvidas no Campus de Pontevedra durante o curso académico 2018/2019. Na mesma, describimos as actividades realizadas dende setembro de 2018 ata xullo de 2019 as cales dividimos en tres bloques: Campus Crea, Cultura e Infraestruturas.

CAMPUS CREA

Como en anos anteriores setembro comezou coa celebración dunha nova edición do Pont up Store, evento dedicado ao emprendemento que a Universidade de Vigo impulsou en Pontevedra do 20 ao 22 de setembro, no marco do Campus Crea, co Concello como patrocinador principal.

Durante os meses do primeiro cuadrimestre do curso 2018-19 realizáronse diversos cursos, denominados Obradoiros de outono-inverno: “Fab Lab no campo expandido. Planificar-Constuir”, “Curso de iniciación á robótica educativa”, “A Gamificación como ferramenta de innovación e motivación na aula”, “O viño: ciencia, cultura e territorio” e “Obradoiro práctico de cociña saudable para cerebros ocupados”, os cales foron realizados na sede da propia vicerreitoría, en nas entidades colaboradoras con esta como o IES Carlos Oroza, a sala Nemonon e a vinoteca Bagos todas elas ubicadas en Pontevedra.

Nos distintos centros do campus tivo lugar o “Ciclo de Conferencias Campus CREA 2018” coa participación das seguintes ponencias:

- “Copernicus. Incendios Forestais. A importancia ou non da difusión de información técnica nas redes sociais” por D. Celso Coco Megía (Copernicus Academy). (23 novembro 2018).
- “Os fungos nos ecosistemas forestais” por Dr. Martín Souto (Universidade de Santiago de Compostela). (20 novembro 2018).
- “Investigar en Fisioterapia: Acreditación” por Dr. José Ríos Díaz (Universidade Antonio de Nebrija). (23 novembro 2018).
- “Conceptos xerais da dopaxe” por D. Jesús Garrido (Agencia Española de protección de la salud en el deporte). (22 novembro 2018).

En novembro convocouse a “Primeira edición dos Premios de Investigación e Transferencia do Campus CREA da Universidade de Vigo”, na que se premiaron os 5 grupos de investigación máis produtivos do Campus de Pontevedra nos 5 ámbitos do mesmo.

En decembro tivo lugar “I Xornadas de Investigación Campus CREA”, unha iniciativa na que participaron case unha vintena de mozos investigadores do campus

de Pontevedra. Nesta actividade cada investigador presentou o seu traballo de investigación en formato de póster seguindo o procedemento habitual en Congresos Nacionais e Internacionais (obxectivos: primeiro contacto dos investigadores coa exposición dos seus traballos; coñecer as liñas de investigación do campus de Pontevedra e favorecer colaboracións interdisciplinares).

Ao longo do curso 2018-19 mantívose un importante apoio institucional ao programa de doutoramento “Creatividade e Innovación Social e Sostible”, tanto no mantemento da súa páxina web como na consecución de profesorado doutras universidades que impartiron conferencias e cursos no programa.

En relación ao proxecto Erasmus + LAPASSION, consolidouse o compromiso dos participantes da UVigo no desenvolvemento do proxecto, participando nos diferentes eventos que se celebraron: dous profesores que participaron no evento de xuño 2018 (Santiago de Chile); o coordinador do proxecto na UVigo participou no evento de setembro 2018 (Tampere, Finlandia); outro tres profesores participaron nos eventos de maio 2019 (Montevideo, Uberaba e Sao Luís). O 8 de xaneiro de 2019 procedeu a seleccionar ao alumnado que participaría nos proxectos a desenvolver durante 10 semanas en Uruguai e Brasil.

A mediados de abril 2019 finalizaba o prazo para a entrega do Primeiro Informe Intermedio á Comisión Europea: o 21 de maio 2019 chegou a avaliación por parte da Comisión, coa cualificación de “Good”, é dicir cunha avaliación moi favorable. Na devandita avaliación indícanse algunhas fortalezas e debilidades no desenvolvemento do proxecto, e na parte que corresponde á UVigo (Plan de Calidade global do proxecto) os comentarios son moi positivos, indicando un bo desenvolvemento do traballo.

Do 8 ao 12 de abril de 2019 celebrouse a Semana da Creatividade e a Innovación, con numerosas actividades, que se detallan a continuación:

Cursos:

- Oratoria emocional
- Cociña saudable e tradicional. Aprendizaxe de técnicas de cociña saudable e boas prácticas na cociña

Conferencias:

- Dr. D. Gualberto Buena, Univ. de Granada: “O peso dos proxectos de investigación na carreira académica”.
- D. Ángeles López Lozano, Univ. De Vigo. “La protección y explotación de los resultados de I+D en la Uvigo
- Dr. Francisco Javier Barón López. “Meta-análisis”.

Actividades de transferencia e I+D+i:

- Mesa Redonda: INNOVACION! Catro experiencias de desenvolvemento empresarial na nosa contorna. Poñentes: Roberto Rodríguez Cabeceira, socio fundador e CEO de Xeométrica; Alberto Garnil Rodríguez, Socio fundador e CEO de Iconweb; Tomás Casquero Cimadevila, CEO de Hifas da Terra; Gonzalo Maceira Gala, Socio fundador e Director de Estudo Bonobo.
- Sesión de traballo da Comisión Técnica de Dirección do Campus CREA. Miércoles 10 de abril, 10h en Sede da vicerreitoría (Casa das Campás).

Actividades innovación:

- Obradoiro Mural en perspectiva “Artland” (creación dun mural xigante feito con refugallos, e grabación aérea con dron). Farase no vial que hai entre a Facultade de CC. Sociais e da Comunicación e a Escola de Enxeñaría Forestal.
- Obradoiro de Graffiti. Creación dun mural (tablóns de 5m) con graffiti. Aberto a todo o público. Diante da Facultade de CC. Sociais e da Comunicación.
- Realidade Virtual mediante gafas HTC Vive: actividades como xogos, pinturas en 3 dimensións, viaxe polo fondo mariño, etc). Facultade de CC. da Educación e do Deporte.

Exposicións e actividades culturais:

- Ciclo de cine: Ante o tempo. Proxección da película “Fargo”.
- Exposición de maquetas: Os monstros de Kraken. Elvis! Sala de Exposicións na sede da Vicerreitoría (Casa das Campás).
- Concurso de fotografía “Eco”. Tema: o medio ambiente. Fíxose entrega dos premios o día 21 de maio de 2019.

En febreiro de 2019 resolveuse a contratación dun técnico de I+D+i para o campus de Pontevedra. Desde entón desenvolvéronse varias actividades relacionadas co seu labor: recompilación de datos e indicadores do campus de Pontevedra necesarios para a avaliación de Acreditación dos campus de Especialización; procura de convocatorias de proxectos (a nivel institucional o campus CREA solicitou un proxecto á FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE en colaboración co Concello de Marín); estudo dos grupos de investigación do campus de Pontevedra e inicio de reunións.

O 10 de abril de 2019 constituíuse a nova Comisión de Dirección Técnica do CREA S2i, órgano asesor do equipo de goberno de Pontevedra en asuntos relacionados co campus CREA. composta por: Jorge Soto, Chema Cancela, Soraya Rodríguez, Begoña Paz, M^a José Martínez Patiño, Angeles Cancela, Mercedes Soto e J. Carlos Souto.

En relación ao GREEN CAMPUS, desenvolvéronse ao longo destes meses multitude de actividades. En setembro de 2018 todos os centros do campus, así como as asociacións vinculadas ao Green Campus, foron convoados a expor actividades que se puidesen desenvolver durante o curso 2018-19. En outubro de 2019 reuniuse a COMISIÓN AMBIENTAL do Green Campus e aprobouse o Plan de Acción 2018-19, con máis de 60 actividades propostas na o ámbito da educación ambiental. A maior parte delas foron desenvoltas ao longo dos meses; das que resulta interesante sinalar a “Ruta do arboreto do campus de Pontevedra”, unha actividade que recibiu xa a máis de 300 estudantes de Educación Secundaria e Primaria dos centros educativos de Pontevedra, e que está a resultar un éxito.

Tamén sinalar que se seguiron realizando con total normalidade actividades como a recollida de RAEEs e a compostaxe de residuos orgánicos derivados dos comedores do campus. En decembro de 2018 fíxose unha campaña de recollida e destrución de documentos “sensibles”, como exames e traballos de alumnado, que xa se podían destruír. Todos os centros do campus puideron facer uso desta iniciativa.

CULTURA:

No apartado cultural a oferta foi ampla e variada. As propostas de obradoiros nos dous cuadrimestres do curso foron de 13 e a de cursos de extensión foi de 6.

En canto ao ciclo de cine que organiza a vicerreitoría e proxecta na súa sede as tardes dos venres dividiuse en dúas partes. No primeiro cuadrimestre “O vento sopra onde quer” a temática xirou sobre o ano 1968 e a súa área de influencia no imaxinario social e contemporáneo comprendendo dez proxeccións e dous relatorios. No segundo cuadrimestre, “Ante o tempo”, o tema central foi a evolución do concepto de heroicidade na historia do cinema, realizando catorce proxeccións e tres relatorios.

A este ciclo hai que sumar o ciclo de cine francés titulado “Baixo o influxo de París” que organiza a vicerreitoría en colaboración co Instituto Francés (IFcinéma) e que emitiu nas tardes dos xoves de maio a xuño 7 proxeccións en versión orixinal.

De novo en decembro, do 10 ao 16, Asociación Cultural e Cinematográfica “Novos Cinemas” elixiu a vicerreitoría para levar a cabo a Edición 03 do Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Aproveitando a colaboración existente entre ambas entidades, foi organizado o obradoiro de cinema “Un camiño posible”, impartido polo cineasta Eloy Enciso Cachafeiro na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación durante os meses de setembro, outubro e novembro e que tivo unha grande acollida entre o alumnado do Campus.

Por segundo ano consecutivo o Campus de Pontevedra engadiuse á rede documental “Docs del Mes”, mediante o convenio de colaboración con Docs Barcelona para emitir un documental no Teatro Principal de Pontevedra un luns de cada mes de setembro a xuño

En marzo tivo lugar a segunda edición do Ciclo poesía. “6 días, 6 poetas” do 11 ao 16 de marzo e que nesta edición contou con Andrés Trapiello, Susana Benet, Pilar Pardo, Antonio Manilla, Gabriel Insausti e Javier Almuzara.

Continuaron as Conversas na Uvigo en colaboración co Diario de Pontevedra, ciclo de conferencias no que personaxes do eido da cultura, da sociedade, da arte ou do deporte foron entrevistados por xornalistas do Diario, nun acto aberto ao público que tivo lugar o último martes de cada mes na sede da vicerreitoría.

En canto ás exposicións celebradas tanto na sala X da Facultade de Belas Artes como na sala de exposición da vicerreitoría foron as seguintes: “Excusas, médicos del Mundo”; “Produtos de reciclaxe elaborados por participantes de Boa Vida”; “Ilustracións gañadoras de alumnos de Belas Artes” e “San Ero 2019 de alumnos de Belas Artes”

No apartado musical convén destacar que por primeira vez tivo lugar, en marzo, un Concerto de Primavera de tradición con Suso Vaamonde e a Banda de Música Cultural de Salceda de Caselas, no Teatro Principal de Pontevedra.

A vicerreitoría trouxo en xaneiro a Pontevedra o concerto *The Human Voice*, unha ópera na que participan a soprano Bonnie Cooper, Samuel Serrano ao piano e Sarah Harrisión como dramaturga.

A vicerreitoría promoveu un taller de educación musical para a inclusión no que oito usuarios e usuarias da etapa educativa da asociación Xuntos Down Pontevedra iniciáronse na música na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, acompañados por oito estudantes do grao en Educación Primaria desta facultade, coordinados pola profesora de música Marlene Armentero, en oito sesións.

Completan este apartado musical as actuacións do Coro do Campus dirixido polo profesor Marco Lucato, a continuidade da Aula permanente de Música tradicional galega que dirixida por Luis Sánchez Bolón oferta un obradoiro de instrumentos musicais en cada cuadrimestre, e o taller de Ecopercusión, o cal se divide en dous obradoiros, un de voces africanas dirixido ao alumnado de mención “formación vocal” do grao de Educación Primaria, e outro de ecopercusión dirixido ao alumnado da mención “agrupacións instrumentais” do Grao de Educación Infantil.

Rematan as actividades deste apartado cultural con outras que se celebran todos os anos na vicerreitoría como son o clube de lectura, Forophoto Pontevedra en colaboración co Ateneo de Pontevedra, e outras colaboracións con entidades como IGADI ou ASAEXS Pontevedra. Resaltar as actividades da Semana da Filosofía que a Aula Castelao organiza en colaboración coa vicerreitoría.

Por último indicar que a sede da vicerreitoría foi, de novo, o lugar elixido para a celebración das III Xornadas Internacionais José Saramago, que tiveron como eixe literatura, cinema e política do 3 ao 5 de decembro.

INFRAESTRUTURAS:

Neste ámbito resulta necesario salientar a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a posta en disposición a favor da Universidade de Vigo de 3 plantas do edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra, unha vez rematado o seu acondicionamento. Nun acto de sinatura pública celebrado o 13 de setembro na vicerreitoría no que estiveron por parte da Xunta de Galicia o vicepresidente, Alfonso Rueda Valenzuela e o conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez García, e por parte da Universidade de Vigo o Reitor, Manuel Joaquín Reigosa Roger.

En todos os edificios do Campus realizáronse tarefas para conseguir un axeitado mantemento, solucionando as incidencias que foron reclamando os responsables dos mesmos ou detectadas de oficio polo director de infraestruturas do Campus en colaboración co persoal da Unidade Técnica. Continúa a realización de obras de mellora de eficiencia enerxética en distintos espazos (medidas de aforro de consumos eléctricos, de subministro de auga, illamento térmico e substitución de equipos por outros máis eficientes).

A sede da Vicerreitoría recibiu melloras, como foron a reparación de goteiras, a colocación dunha porta de cristal de acceso, a reparación do chan, ou dos desaugues. A finais de 2018 a aula de Novas Tecnoloxías foi equipada con dúas impresoras 3D, que están a funcionar de forma continuada como FabLab e que permitiron poder desenvolver varios cursos de impresión 3D nesta aula desde entón.

Finalmente indicar que rematou a construción do carril bici, que actualmente permite o percorrido en bicicleta por todo o campus, así como o inicio dos trámites para a construción do pantalán.





Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

A través dos diferentes soportes cos que conta a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, a saber o Gabinete de Prensa, a Área de Imaxe, a UVigo TV, a web, as redes sociais e a Unidade de Cultura Científica e da Innovación, realizamos neste curso unha aposta decidida por aumentar as vías de información e de comunicación cos membros da comunidade universitaria e coa sociedade en xeral para difundir máis e mellor o coñecemento cultural, científico e tecnolóxico, render contas e compartir os valores da nosa institución mentres se mantén recoñecible.

Gabinete de Prensa

O Gabinete de Prensa informa e divulga sobre todos os campos da actividade académica nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra, á vez que promove, mediante a difusión de noticias, o coñecemento da Universidade de Vigo na sociedade na que se insire. Entre as súas funcións están a cobertura informativa das actividades académicas, científicas e culturais que se desenvolven nos tres campus e que aparecen publicadas tanto no Duvi, como nos medios de comunicación. Tamén realiza diariamente un dossier de prensa no que se recompilan as noticias publicadas nos xornais locais, rexionais, nacionais, directamente relacionadas coa Universidade de Vigo e coa educación e a investigación en xeral. O Gabinete de

Prensa tamén atende as demandas dos medios escritos e audiovisuais, tales como entrevistas con membros da comunidade universitaria, a solicitude de datos relativos á institución ou as imaxes, á vez que asesora os membros da comunidade universitaria na relación cos medios de comunicación e a divulgación científica.

Área de Imaxe

A través da Área de Imaxe, a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais é responsable de velar polo correcto uso dos símbolos gráficos que representan á institución, co fin de reforzar e clarificar a comunicación interna, así como de proxectar unha imaxe exterior coherente e de excelencia.

As principais tarefas de xestión da imaxe corporativa da Universidade de Vigo durante este curso 2018/2019 foron as seguintes: xestión da imaxe corporativa, supervisión da imaxe corporativa e notificación en caso de mal uso; remisión e interpretación do dos arquivos Manual de Imaxe Corporativa segundo peticións ou necesidades; realización e adaptación de creatividade; supervisión de material e soportes institucionais como banners, imaxes para sitios web, aplicacións de material de papelería para os centros, vicerreitorías, áreas e unidades (tarxetas de visitas, plantillas, directorios e sinalización); felicitacións

de Nadal, folletos, photocall, roll-ups, stands etc.; elaboración dun minimanual de identidade corporativa, creación da mascota oficial da Universidade de Vigo; deseño de agasallos institucionais.

UVigoTV

A UVigoTV ofrece tres grandes áreas de servizos: vídeo baixo demanda e televisión por internet, colaboración audiovisual e videoconferencia, e plataforma de cursos MOOC.

A Universidade de Vigo dispón de dous portais multimedia: UVigoTV e Campus do Mar TV así como un canal corporativo en Youtube que sitúa a Universidade de Vigo entre as 200 universidades máis populares neste medio social no ámbito mundial.

Ao finalizar o curso 2018/2019 dispoñiamos de aproximadamente 26.100 vídeos e dunhas 11.200 horas de vídeo, cunha produción de 3100 vídeos novos (fundamentalmente gravacións de congresos, clases, actos institucionais e vídeos para a docencia) que sumaron aproximadamente 1310 horas.

Respecto das visualizacións e dos impactos, visualizaron aproximadamente 1.210.000 vídeos e 142.000 horas, o que equivale a 16 anos e medio vendo vídeos as 24 horas do día. Cómpre destacar que son moitos minutos para o número de vídeos vistos en comparación a outras plataformas. Isto débese principalmente a que temos moitos vídeos longos (como conferencias e clases) que son visionados casi completamente polas persoas usuarias o que nos indica que os contidos resultan de interese.

A UVigoTV produciu varios microespazos para TVE 2 que se emitiron en cinco capítulos da serie «A Universidade Responde» entre setembro de 2018 e xullo de 2019. Ademais coproduciu neste período seis capítulos da serie «Universo Sostible» que se enmarcan no convenio de coprodución da CRUE para TVE do que a nosa universidade foi unha das primeiras promotoras.

Redes sociais

Baixo os principios de comunicación, servizo público, transparencia, calidade, colaboración e interacción, promovemos a presenza da universidade nas redes sociais, mediante a xestión e a actualización diaria de contidos e

a interacción coas persoas usuarias os sete días da semana co obxectivo de compartir a actualidade, transmitir coñecemento e valores e establecer novas canles de comunicación cos nosos públicos.

A través dunha xestión propia e suxeita a normas institucionais, os medios sociais ofrecen oportunidades como a comunicación directa e instantánea, o fortalecemento da imaxe de marca, a creación dunha reputación, o achegamento aos públicos obxectivo, a detección de necesidades e de opinión ou a solución de problemas.

Ao remate do curso 2018/2019, as redes institucionais contaban co seguinte número de persoas seguidoras: facebook.com/uvigo (10.000); twitter.com/uvigo (38.000); instagram.com/universidadedevigo (2684); linkedin/school/uvigo (51.053).

Web

A Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais é responsable dos contidos do portal (www.uvigo.gal). Durante o curso 2018/2019 realizáronse as seguintes accións: organización dun curso de edición dos contidos para os servizos centrais; apoio na migración dos contidos da web vella ao novo portal; revisión, actualización e reorganización diaria dos contidos de todos os universos; atención das necesidades e as demandas das persoas editoras e usuarias; actualización do carrusel da portada; xestión de alta de apartados de novas específicas para Bolsas, Responsabilidade social e Axenda 2030, Emprego, Administración e persoal, Deporte, ANL, Servizo de Publicacións, Igualdade, Calidade, Comunicación e Investigación; revisión e edición de 178 novas específicas.

Entre o 1 de setembro de 2018 e o 31 de agosto de 2019, o portal institucional recibiu 6.044.583 visitas a páxinas con 4.479.095 páxinas vistas únicas e un promedio de tempo na páxina de 1 minuto e 41 segundos.

Fototeca

Realización de fotografías nos tres campus que intentan transmitir o día a día dos membros da nosa comunidade universitaria en eventos, clases, laboratorios, servizos, deporte, paisaxes ou edificios. Na fototeca as fotografías

estanse a organizar e a catalogar e empréganse para a súa difusión e o seu uso nas web, en novas e en material gráfico promocional.

Representación institucional

No tocante ás relacións con institucións, organismos e empresas de carácter público e privado, cómpre destacar a participación da vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais en 102 actividades (51 de organización allea e 51 organizadas pola Universidade de Vigo) así como a súa participación en 115 entrevistas ao longo do curso.

Promoción da universidade

En relación coas campañas de comunicación institucional que habitualmente contan con actuacións en prensa escrita e dixital, internet e publicidade exterior, na convocatoria ABAU de xuño de 2018, por coincidir coa chegada do novo equipo de goberno, reutilizamos a campaña «Todo encaixa». Nas probas de setembro lanzamos a campaña «Somos UVigo» realizada e protagonizada por estudantes e titulados, e centrada na promoción dos sete títulos con déficit de matriculacións. «Energía UVigo» foi lema empregado para a campaña da institución en xuño de 2019 nas que se apostou pola participación de Oli, a mascota oficial da nosa universidade.

A Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais xestionou o gasto da partida de publicidade e propaganda; negociou cos medios de comunicación tanto impresos como dixitais, radiofónicos e audiovisuais para as insercións publicitarias e os contidos promocionais e levou a cabo as negociacións necesarias con provedores.

Durante este curso apostamos por realizar accións cun retorno por parte dos nosos diferentes públicos obxectivo como por exemplo a participación en eventos estratéxicos dirixidos ao noso potencial alumnado e as súas familias (Farogaming, Faroeduca, HoliLife etc.). Tamén decidimos transformar o tradicional suplemento Universitas de Atlántico e La Región dos xoves lectivos na publicación dunha páxina informativa sobre a Universidade de Vigo de luns a venres e pasamos a unha distribución de exemplares diaria nos tres campus.

Ademais, realizamos periodicamente pequenas campañas nos medios propios xestionados pola vicerreitoría como a web e as redes sociais na procura do establecemento e

mantemento de vínculos co noso público por exemplo para difundir convocatorias, invitacións, comunicar os períodos de matrícula, os días de conmemoracións internacionais ou avisar dos días festivos, o peche dos centros etc. á iniciativa propia ou a petición e en colaboración con outras vicerreitorías e servizos da institución.

Eventos


Colaboramos na organización e na execución de eventos institucionais como o Día Internacional da Muller; a presentación da mascota Oli, San Tomé; a visita de María Teresa Fernández de la Vega; o acto A Lingua é/e o futuro; a Gala do Deporte, o 20 aniversario do Tribunal de Garantías; o I Seminario de Pensamento Contemporáneo ou a presentación da web do Observatorio de Persoas Tituladas.

Bolsas de comunicación institucional

Por primeira vez neste curso formáronse en comunicación institucional tres estudantes con perfís web, redes sociais e imaxe, en concreto unha estudante de Tradución e Interpretación e dous estudantes do Máster en Dirección de Arte en Publicidade. O obxectivo destas bolsas é poñer en práctica coñecementos adquiridos durante os estudos e desenvolver capacidades creativas e estratéxicas relacionadas coa comunicación institucional; desenvolver competencias e habilidades relacionadas coa divulgación da información e o fomento da participación dos membros da comunidade universitaria, as actividades promovidas polos servizos universitarios; así como desenvolver competencias para a difusión de actividades e eventos entre os membros da comunidade universitaria e promover a súa participación.

Como resumo deste curso, podemos dicir que a comunicación que practicamos agora na Universidade de Vigo é unha comunicación bidireccional: as persoas usuarias xa participan activamente no noso proxecto, o que nos permite conseguir a súa confianza, obter información de valor para mellorar os nosos servizos, establecer unha relación directa e de confianza cos nosos diferentes públicos así como achegalos á institución.





Vicerreitoría de Investigación

Esta memoria compila información relativa ao desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i, co fin de estruturar e potenciar a actividade investigadora da Universidade de Vigo.

PROMOCIÓN E XESTIÓN DAS ACTIVIDADES DE I+D+I NA UNIVERSIDADE DE VIGO

A xestión e promoción da actividade de I+D+i na Universidade de Vigo (UVIGO) se realiza dende as Vicerreitorías de Investigación e de Transferencia, co apoio da seguinte organización de recursos humanos:

- Servizo de apoio á investigación e desenvolvemento. Este servizo é o encargado da tramitación administrativa dos procesos relacionados coa participación do persoal investigador en convocatorias competitivas de I+D+i, e contratos e convenios con empresas e administracións, en todas as fases (solicitude, xestión de execución, xustificación). O Servizo consta de varias unidades: Convenios e contratos, Proxectos e Recursos Humanos de investigación. Ademais, neste servizo se xestionan os programas propios de axudas de investigación da Universidade, e os procesos de avaliación da Produción de investigación e de Transferencia. Así mesmo, tamén hai persoal administrativo encargado da xestión da base de datos de grupos de investigación.
- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). Encárgase da promoción das actividades de I+D+i do persoal investigador, con especial referencia á transferencia de coñecemento: oferta tecnolóxica, patentes e modelos de utilidade, licencias, actividades de difusión, Empresas de Base Tecnolóxica, promoción da participación en convocatorias colaborativas con empresas, etc.
- Oficina de proxectos internacionais (OPI). Creada recentemente na Universidade de Vigo ten como obxectivo o apoio directo ao persoal investigador da universidade na identificación de oportunidades de financiamento en convocatorias competitivas e elaboración de propostas, planificación estratéxica da actividade de I+D+i, posta en marcha das estratexias de especialización da institución, etc. Nesta área foi onde se concentraron a meirande parte dos distintos xestores/as de innovación contratados con cargo ao presente convenio, existindo unha especialización por ámbitos e con persoal adscrito tamén aos campus de Pontevedra e Vigo.
- Área Técnica de Centros de Apoio á Investigación. O seu obxectivo ten que ver coa xestión eficiente e sostible en canto á consolidación, dotación e mantemento das infraestruturas e servizos científico-tecnolóxicos da UVIGO.

Ademais, co obxecto de proporcionar apoio científico e tecnolóxico ao persoal investigador, a Universidade dispón de Centros de Apoio á Investigación, que proporcionan infraestruturas singulares, equipos ou instalacións das que a especificidade, alto nivel tecnolóxico ou custo fan aconsellable a súa adquisición e mantemento de modo centralizado. Estes centros contan con persoal técnico especialista para o manexo das infraestruturas singulares correspondentes. Na actualidade, os centros de apoio á investigación da UVIGO son os seguintes:

- Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI), núcleo principal dos servizos centrais de investigación no que se refire a infraestruturas científico-técnicas. Consta de dúas sedes, unha no campus de Vigo e outra no campus de Ourense, e proporciona servizos de Microscopía electrónica, Nanotecnoloxía e análise de superficies, Determinación estrutural, Proteómica e Xenómica, Análise instrumental, Detección remota, Seguridade Alimentaria, Taller electrónico e Taller mecánico.
- Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) e CIM-UVigo, proporciona infraestruturas singulares de investigación a pé de mar. É salientable destacar que a ECIMAT forma parte da European Marine Biological Resource Centre (EMBRC), infraestrutura de investigación distribuída, considerada pola Estratexia Europea de Infraestruturas de Investigación (ESFRI) como de interese pan-europeo. Tamén é importante sinalar que a investigación en Ciencias Mariñas é un ámbito de especial relevancia, único nas universidades do SUG, e que forma parte dun dos Centros Singulares da Xunta de Galicia, o Centro de Investigacións Mariñas CIM-UVigo.
- Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI), en Ourense, centro de apoio dedicado á tecnoloxía de alimentos e ciencias ambientais, e que conta cunha planta piloto totalmente equipada para a investigación nestas áreas.
- Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO), conta con instalacións específicas destinadas á investigación biomédica, entre as que destaca o Servizo de Bioexperimentación da Universidade de Vigo e un laboratorio BSL3, único no Noroeste de España. O CINBIO e outro dos Centros Singulares da Xunta de Galicia.
- Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía

e Procesos Industriais (CINTECX), xurde tras a reorganización e reestructuración dos grupos de investigación máis relevantes da Escola de Enxeñaría Industrial, e de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo (UVigo) que traballan no sector da industria e a enerxía; e sitios nos campus de Pontevedra e Vigo. (INEX), Aínda que lamentablemente non acadaron neste ano o recoñecemento como Agrupación Estratéxica ou Centro de Investigación por parte da Xunta de Galicia, seguiremos traballando e mellorando o seu estatus como centro para conseguir acadar a categoría esixida pola Xunta de Galicia.

Varios destes centros de apoio (ECIMAT, CINBIO, CITI, MTI) están asociados á actividade de sectores ou agrupacións estratéxicas de investigación recoñecidas, e contan con espazos asignados aos grupos de investigación. Teñen, polo tanto, unha orientación de centro de investigación.

Para rematar a breve descrición das estruturas de xestión e apoio á investigación, desenvolvemento e innovación da Universidade de Vigo, cómpre mencionar a estrutura de goberno, que inclúe á Vicerreitoría de Investigación, ao director do Campus do Mar (que inclúe baixo a súa dependencia o CIM) o Campus Auga, que ven de conseguir na derradeira convocatoria o selo de Agrupación Estratéxica CITACA pola Xunta de Galicia. Todo elo acompañado dun equipo de direccións de área encargadas de coordinar, dende o punto de vista técnico, as actividades de I+D+i previamente descritas. Dependen da Vicerreitora de Investigación: o Director do CACTI, que tamén dirixe a OPI desde o punto de vista científico, o Director da ECIMAT, a Directora de área de Investigación e o Director da área técnica dos 5 Centros de apoio á investigación.

ACTIVIDADE DE I+D+I NA UNIVERSIDADE DE VIGO DURANTE O ANO 2019

A UVIGO desenvolve unha destacada actividade investigadora nos ámbitos científico, tecnolóxico, xurídico-social e humanístico. O capital humano está constituído por máis de 2.300 investigadores, organizados en 175 grupos de investigación, e aproximadamente os dous terzos posúen o título de doutor. Como indicador desta destacada actividade investigadora pódense mencionar, por exemplo, os resultados obtidos no ano 2019 en

captación de recursos externos de I+D+i. En primeiro lugar destacar a consecución de máis de 5.5 millóns de euros (ver táboa 1) só en proxectos internacionais concedidos no ano 2019, incluíndo Interreg (2,6), H2020 (2,6) e outros. E moi relevante subliñar que nos proxectos H2020, aínda que se presentaron menos propostas que no ano anterior, mellorou moito a taxa de éxito, acadando un 27%, fronte a un 11% do ano 2018. Fanse menos propostas pero con mais garantías de éxito ao ir mellor preparadas. No anexo II inclúense o listado dos concedidos entre finais do 2018 e o 2019. Isto supón un total de ingresos para o 2019 (incluído os correspondentes aos concedidos de anos anteriores) de 6,5 M€.

Ademais nos últimos anos tense incrementado moito a internacionalización da Universidade de Vigo, o que se reflicte no número de países cos que se está colaborando en diversos proxectos internacionais. Na figura 2 se amosa o mapa que mostra o número de proxectos cos distintos países europeos para o período 2016-2019, o que supón un total de 108 proxectos de carácter internacional para estes 3 anos.

Número e tipos de proxectos internacionais propostos e concedido no ano 2019				
2019	Interreg	H2020	Outros	Total
Propostas	10	22	21	53
Concedidos	17	6	4	27
Importe Subvención Concedidos	2.675.860	2.622.627	265.816	5.564.303

En canto a o número e importe de proxectos nacionais e autonómicos, supoñen un total de 37 proxectos nacionais concedidos, incluídos os de retos investigación, plan general do coñecemento e proxectos FEADER, o que supón 3.877.307€. Ademais hai que considerar unha moi boa perspectiva futura, pois na anualidade 2019 presentáronse 22 novas propostas H2020 e 108 propostas ao plan nacional.

A nivel autonómico habería que engadir 17 axudas concedidas a grupos de carácter autonómico, na que se inclúen os grupos de potencial de crecemento e grupos de referencia competitiva, por un total de 2.602.000€. Todo isto sumado ao importe de proxectos internacionais suma uns 13M€.

Por outra banda, a Universidade de Vigo destinou no ano 2019 unha parte do seu orzamento anual á promoción específica das actividades de I+D+i, mediante os seguintes programas:

- Programa de axudas á investigación. A convocatoria do ano 2019 incluía axudas por un importe total orzamentado de 1,20 millóns de euros (algo menos que o ano anterior), nos apartados seguintes: axudas estruturais a grupos de investigación, organización de congresos, reunións científicas, realización, montaxe e comisariado de exposicións artísticas, visitas de investigadores/as, bolsas de viaxe, estadias en centros de investigación, axudas para preparación de proxectos europeos (novas) e axudas predoutorais.

O programa de axudas presta especial atención ao persoal investigador en formación, predoutoral e posdoutoral. Así mesmo, nos criterios de adxudicación faise fincapé no principio de equilibrio entre ámbitos de coñecemento.

- Avaliación da Producción de Investigación. Realizouse a avaliación dos méritos dos anos 2017 e 2018. Os criterios de avaliación aplicables aos méritos destes anos inclúen apartados como: publicación de libros completos e capítulos de libro, autoría de artigos de investigación en revistas, participación en comités editoriais de revistas, censor de artigos de revistas, dirección e realización de teses doutorais, ou autoría de publicacións en congresos nacionais ou internacionais. En todos os casos, avalíase a calidade das aportacións, tanto no que se refire ao impacto das editoriais, inclusión das revistas en bases de datos de recoñecido prestixio ou a relevancia dos congresos. Deste xeito a primeiros do ano 2020 solicitarase a do ano 2019. Como novidade xa este ano poido facerse a través da aplicación SUXI para incluír os novos méritos, o que facilitou moito o traballo dos investigadores.

Ademais, no ano 2019 traballouse intensamente no desenvolvemento das ferramentas informáticas utilizadas para a xestión curricular do persoal investigador, con especial referencia á produción de investigación e de transferencia. Incorporouse o sistema no SUXI de descarga directa dos artigos de Scopus, o que fai moito máis áxil a avaliación da produción científica. Ademais avanzouse no senso de incorporar do CVN no SUXI todos os méritos, pero aínda non é definitivo.

Este ano mantívose e acentuouse o compromiso

institucional cos recursos humanos de investigación, e o esforzo no desenvolvemento de convocatorias orientadas á retención e captación de persoal investigador. No ámbito da retención foi aprobado en Consello de Goberno do 20 de marzo de 2019 o Programa de Retención de Talento Investigador 2019 para a retención dos Ramón y Cajal, Marie Curie, Juan de la Cierva e posdoutorales I2C da Xunta de Galicia, cun total de 18 prazas ofertadas. No ámbito da captación aprobáronse dúas convocatorias, unha o 22 de maio de 2019 para a captación de talento no ámbito tecnolóxico para a dirección do centro de investigación CINTECX, e outra máis recentemente (novembro 2019) para a captación dun/dunha investigador/a altamente citado, coa finalidade de ascender nos rankings.

No que respecta aos Centros de apoio á investigación, no ano 2019 hai que destacar o seguinte:


- Plena actividade no novo edificio do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI), coa instalación do programa LIMS que permite o control de todas as actividades nos distintos servizos, así como a instalación das novas infraestruturas acadadas na convocatoria de infraestruturas do Ministerio do ano 2018.
- Ocupación e consolidación da plena actividade investigadora no Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO), incluíndo o animalario, e no Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI) polo persoal investigador, neste último onde están instalados todos os grupos pertencentes ao CINTECX.
- No Centro de Investigacións Mariñas (CIM) durante o 2019 producíronse algúns cambios estruturais que modificaron a inserción do centro no marco institucional e a estrutura de gobernanza do mesmo, fortalecéndose o compromiso da Universidade co centro e véndose reforzada a posición do CIM no ecosistema de investigación e innovación mariñas en Galicia. Este papel de liderazgo en I+D+i mariña foi recoñecido pola DGMARE da Comisión Europea, que recentemente designou o Centro como Nodo Nacional Español do Mecanismo de Asistencia para a implementación da Estratexia Atlántica, una estratexia co a que a CE pretende animar aos Estados Membros a traballar xuntos en diferentes ámbitos da economía azul, tanto en actividades tradicionais como a pesca,

a acuicultura, o turismo, o transporte marítimo, así como en áreas máis emerxentes como as enerxías renovables ou a biotecnoloxía mariña.

- Na ECIMAT rematáronse as obras para a instalación dos mesocosmos.
- Os dous centros singulares xa existentes (CINBIO e CIM-UVigo), xunto coa agrupación estratéxica consolidada AtlanTIC presentaron as súas candidaturas para renovar no primeiro caso e acadar no segundo a consecución de Centros de Investigación recoñecidos pola Xunta de Galicia.

Neste contexto o financiamento de centros de investigación e agrupacións estratéxicas ao abeiro do convenio de colaboración coas universidades de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resulta clave no funcionamento dos Centros Singulares (CIM e CINBIO) e xunto co Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions (AtlantTIC) como Agrupación Estratéxica Consolidada.





Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

Área de Sostibilidade

No curso 2018/2019 a Área de Sostibilidade continuou dando apoio ás diferentes iniciativas de mellora da eficiencia enerxética da Universidade de Vigo e seguiu a traballar en diferentes fronteiras para acadar fondos e axudas para acometer actuacións de grande calado. De entre as actuacións que se fixeron pódense destacar como de maior relevancia as seguintes:

- Entre o 7 de agosto e o 19 de agosto de 2019 se deu instrución dende Xerencia de pechar todos os centros coa fin de aforro enerxético. O seguimento deste peche, así como a súa valoración foi realizada pola Área de Sostibilidade cun resultado final de 231MWh de electricidade aforrada, 58t CO2 non emitido, e aproximadamente 15000€ de aforro económico. Polo que o balance final do peche foi moi positivo en termos enerxéticos, medioambientais, económicos e sociais, xa que a comunidade universitaria en xeral o valorou positivamente e non houbo atrancos nin incidentes. No curso 2019/2020 prevese que o peche se prolongue algúns días máis.
- Gracias ás negociacións coa Xunta de Galicia, e en concreto co INEGA, se puido solicitar unha importante axuda para a instalación de paneis fotovoltaicos en

varios centros dos tres campus da Universidade. No ano 2019, gracias a esta axuda, a Universidade de Vigo instalou cerca de 500kWp de paneis fotovoltaicos.

- No ano 2019 tamén se presentaron solicitudes de grandes actuacións de aforro enerxético e eficiencia enerxética para varios centros dos tres campus, os cales, farán que no ano 2020 a Universidade de Vigo teña mellorado moi significativamente a súa eficiencia e diminuído sensiblemente a súa pegada de carbono.

Área de Infraestruturas e Prevención de Riscos Laborais

Na Área de Infraestruturas e Prevención de Riscos Laborais pódense distinguir as actividades levadas a cabo polo Departamento de Obras, e polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo.

A actividade do departamento de obras, pode agruparse en tres grandes ámbitos:

- Novos investimentos
- Reparacións, mellora de instalacións e obras menores
- Melloras no funcionamento do departamento

Departamento de Obras, Instalacións e Infraestruturas

1. Novos investimentos

Campus de Vigo

Continuáronse as obras do “Edificio institucional e de I+D da Universidade de Vigo no Casco Vello”. Esta infraestrutura pretende dar visibilidade á Universidade de Vigo na cidade e consolidar a presenza na mesma potenciando os vínculos coa sociedade, co tecido empresarial e ser un motor da investigación e a transferencia do coñecemento.

Modificouse o proxecto da Rehabilitación do edificio Faraday na ETEA para adaptalo aos usos previstos polo equipo de goberno. Este edificio potenciará o proxecto estratéxico e revitalizará unha zona degradada da cidade.

Executáronse 3 instalacións fotovoltaicas de Autoconsumo nos edificios de CACTI, MTI e Peritos cunha subvención da Axencia Instituto Enerxético de Galicia. Con estas instalacións obtense un aforro económico e contribúese á redución de emisións de CO₂ mediante a implantación de enerxías renovables, adaptándose aos obxectivos do marco europeo de redución de emisións.

Na facultade de Ciencias Económicas substituíronse os equipo de aire acondicionado da biblioteca que esgotaron a súa vida útil.

Reformouse a instalación de produción térmica de climatización do animalario no edificio Olimpia Valencia

Executáronse as obras do Mesocosmos na ECIMAT e subministrouse o equipamento científico necesario para o mesmo.

Nas facultades de Ciencias e Químicas substituíronse bancadas en aulas que estaban moi deterioradas.

Reformouse o espazo do antigo animalario para uso de aula de informática na facultade de Ciencias.

No edificio Olimpia Valencia climatizáronse os corredores e creáronse cortinas de aire nas entradas para unha maior eficiencia.

No edificio Filomena Dato reformáronse espazos en planta baixa para o uso de enfermería.

En varios dos edificios do Campus, realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

Habilitouse o control de acceso a todos os edificios da Universidade de Vigo en horario non lectivo para permitir os accesos necesarios durante o peche de verán.

Campus de Pontevedra

Executáronse dúas instalacións fotovoltaicas de Autoconsumo nos edificios de Ciencias da Educación e do Deporte e Ciencias Sociais cunha subvención da Axencia Instituto Enerxético de Galicia. Con estas instalacións obtense un aforro económico e contribúese á redución de emisións de CO₂ mediante a implantación de enerxías renovables, adaptándose aos obxectivos do marco europeo de redución de emisións

Rematáronse as obras de construción dun carril bici que atravesa o campus, na liña do definido polo Campus Verde (Green Campus) que mellorará a comunicación sostible.

Realizouse unha auditoría de certificado enerxético da Facultade de Ciencias Sociais e da Educación do campus de Pontevedra, para a obtención de axudas de eficiencia enerxética.

En varios dos edificios do Campus realizáronse obras para a mellora das condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

Habilitouse o control de acceso a todos os edificios da Universidade de Vigo en horario non lectivo para permitir os accesos necesarios durante o peche de verán.

Campus de Ourense

Rematouse a construción do Edificio do Campus da Auga no Campus de Ourense e obtivéronse as licenzas de ocupación e apertura do mesmo. Este edificio pretende dar soporte físico aos Clústeres de investigación vinculados coa investigación no campo da auga. Licitáronse as subministracións de mobiliario de oficina e laboratorio que se rematarán en breve quedando plenamente operativo o edificio.

Executouse unha instalación fotovoltaica de Autoconsumo no edificio Politécnico cunha subvención da Axencia Instituto Enerxético de Galicia. Con esta instalación obtense un aforro económico e contribúese á redución de emisións de CO₂ mediante a implantación de enerxías renovables, adaptándose aos obxectivos do marco europeo de redución de emisións

Debido ao estado de deterioro foi necesaria a obra de reparación da fachada do edificio Xurídico Empresarial.

Climatizouse a sala de fitness do pavillón polideportivo para mellorar o confort dos usuarios.

Executouse a remodelación do sistema de videoconferencia no salón de grados e na sala de reunións do edificio politécnico do Campus de Ourense.

En varios dos edificios do Campus, realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

Habilitouse o control de acceso a todos los edificios da Universidade de Vigo en horario non lectivo para permitir os accesos necesarios durante o peche de verán.

2.Reparacións, mellora de instalacións e obras menores

En todos os edificios dos tres campus realizáronse todas as tarefas para conseguir un adecuado mantemento, solucionando as incidencias notificadas por os administradores e decanos e directores dos centros.

Fíxose un esforzo importante en solucionar problemas de entrada de auga en varios centros, realizándose cambios e reparacións de cubertas en Filoloxía, Industriais, Edificio Xurídico Empresarial...

Continúase coa realización de obras de mellora na eficiencia enerxética de diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos e de subministro de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes, etc. Especialmente realizáronse adaptacións de salas de caldeiras ao subministro de gas.

Supervisáronse tódolos contratos dos diferentes mantementos de instalacións, buscando sempre unha mellor eficiencia e aforro económico. Establecéronse unhas prescricións técnicas comúns para todos eles, e agrupáronse en contratos únicos os correspondentes a grupos electrógenos, cloración, transformadores e protección contra incendios. Coa nova lei de contratos avanzárase na contratación conxunta mediante licitación dos mantementos.

3.Melloras no funcionamento do Departamento

O departamento ten 3 obxectivos primordiais:

- **AFORRO:** promover medidas que permitan reducir os gastos correntes, e obter mellores prezos nas contratacións.
- **EFICACIA:** optimizar os recursos dos que dispoñe a universidade
- **COMUNICACIÓN:** mellorar a información a Decanos, Directores e administradores das tarefas que se realicen nos seus centros

A adhesión da Universidade á Rede de Enerxía da Xunta de Galicia REDEXGA permitiu conseguir prezos da enerxía mais económicos, conseguindo uns aforros entre un 15% e un 25% na electricidade, gas e gasoil.

Continuouse coa implantación do sistema de xestión das instalacións e obras mediante o programa Mansis, que permite unha mellor organización das mesmas, con a programación de mantementos preventivos, legais e correctivos, un mellor control das diferentes obras e unha mellor organización da información referente aos investimentos e orzamentos. Tamén facilita aos responsables dos centros información periódica de todas as actuacións que se fan neles. Esta ferramenta tamén permitiu realizar unha actualización do inventario da universidade, simplificando o proceso de altas e comprobacións periódicas. Este programa permite unha mellora continua, incorporando novas funcionalidades de información, supervisión e xestión.

Coa nova Unidade de Servizos Xerais o seguimento e control dos requirimentos, pedido e obras farase dunha maneira mais axeitada.

4.Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Polo que se refire ó Servizo de Prevención de Riscos Laborais, as súas actuacións englobanse nos seguintes grupos de actividade:

- Avaliación de riscos laborais nas especialidades de hixiene, ergonomía e seguridade.
- Inspeccións, comprobacións e informes sobre condicións de traballo
- Investigación de accidentes
- Impartición de cursos de formación dos traballadores en materia de prevención de riscos
- Coordinación de actividades empresariais en empresas alleas que desenvolven a súa actividade nas instalacións da Universidade.

- Plans de autoprotección, tanto de nova implantación como a revisión de plans existentes, así coma a realización de simulacros de emerxencia.
- Vixilancia da saúde, tanto na incorporación de novos traballadores/as, ou con novos riscos, reincorporación despois dunha baixa prolongada, e vixilancia periódica da saúde.
- Xestión de caixas de urxencias
- Xestión de equipos de protección individual (EPIs)
- Outras actividades relacionadas coa prevención de Riscos Laborais, coma titorías de voluntariado, xestión de Bonus, colaboración en actividades de divulgación con entidades externas (SERGAS, Mutuas, ...)

1. AVALIACIÓNS DE RISCOS

A través das avaliacións iniciais de riscos procédese á identificación, con carácter xeral, dos riscos laborais presentes nos postos de traballo para poder eliminalos, ou no caso de non ser isto posible, proceder á súa valoración e á adopción de medidas de prevención e protección necesarias. Inclúense neste apartado estudos hixiénicos, ergonómicos e de seguridade.

Centro	Campus	Tipo
Edificio de Fundición (en proceso)	Vigo	Avaliación inicial
Edificio Olga Gallego	Ourense	Avaliación inicial
Edificio Concepción Ramón Amat	Ourense	Avaliación inicial
Biblioteca Universitaria	Ourense	Avaliación inicial
Pavillón Universitario	Ourense	Avaliación inicial
Edificio Campus da Auga (en proceso)	Ourense	Avaliación inicial
CACTI-CINBIO	Vigo	Revisión
ECIMAT	Vigo	Revisión
Edificio Exería	Vigo	Revisión
Ecotoxicoloxía Mariña	Vigo	Avaliación liña investigación

2. INSPECCIÓN, COMPROBACIÓN E INFORMES

Neste período emitíronse diversos informes sobre condicións de traballo froito de inspeccións e comprobacións das condicións de seguridade e saúde realizadas polo SPRL. Neste apartado non se inclúen os informes de accidente

En total realizáronse 28 informes (23 Vigo, 4 Ourense, 1 Varios)

Centro/Servizo	Informes
Biblioteca Central	1
CACTI-CINBIO	4
ECIMAT	2
Edf. Ciencias Experimentais	1
Edf. Ernestina Otero	3
Edf. Exería	4
Edf. Filomena Dato	2
Edf. Ferro	1
Medicións de radón (varios)	1
Edf. Fundición	1
Edf. Miralles	1
Edf. Manuel Martínez Risco	1
Edf. Politécnico	1
Pavillón Universitario	1
E Enxeñaría Industrial	1
E Enxeñaría Telecomunicación	2
F Filoloxía e Tradución	1

3. INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES

Campues	2019
Ourense	2
Pontevedra	2
Vigo	25
Total:	29

Segundo lugar	2019
In Itinere	10
Centro de traballo	18
Outro traballo	1
Total:	29

Colectivo	2019
Investigadores	6
PAS	19
PDI	3
Bolseira	1
Total:	29

Segundo baixa	2018
Sen baixa	24
Con baixa	5
Total:	29

Sexo	2018
Muller	19
Home	10
Total:	29

Segundo o Risco	Informes
010 Caída de persoas a distinto nivel	2
020 Caída de persoas ao mesmo nivel	4
070 Choques contra obxectos inmóviles	1
080 Choques contra obxectos móbiles	10
090 Golpes/cortes por obxectos ou ferram.	3
130 Sobre esforzos	7
170 Exposición sustancias nocivas tóxicas	1
180 Contacto sustancias cáusticas/corrosivas	1

4. FORMACIÓN

En cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais, Lei 31/1995 do 8 de novembro, e en concreto do seu artigo 19 “Formación dos traballadores”, o SPRL durante ano 2019 organizou, impartiu e coordinou os cursos en materia de prevención de riscos que a continuación se detallan:

Entidade	Cursos	Edicións	Horas totais	Asistentes
Servizo Prevención Propio	3	13	27,5	408
Servizo Prevención Alleo	4	12	324	97
Externo (Seganosa)	2	4	16	59
Externo (FREMAP)	3	3	21	31
Externo (061)	1	4	20	28
Externo (SERGAS)	1	4	4	99
Total	14	40	412,5	722

Modalidade	Cursos	Edicións	Horas totais	Asistentes
Presencial (Vigo)	10	25	90	445
Video- conferencia (tres campus)	1	9	22,5	249
On-line	3	6	300	28
Total	14	40	412,5	722

Destinatarios/as	Cursos	Edicións	Horas totais	Asistentes
Alumnos/ as e Persoal de empresas externas	1	2	1	13
PDI e PAS	12	34	407,5	610
PDI, PAS e investigadores	1	4	4	99
Total	14	40	412,5	722

Entidade	Cursos	Edicións	Asistentes
Alarma e evacuación	3	12	43
Básico de prevención de riscos laborais.	4	200	12
Boas prácticas ante a exposición a axentes biolóxicos	1	5	16
Boas prácticas no uso de equipos de protección individual para persoal de laboratorios	1	4	14
Curso de prevención de riscos laborais - nivel básico	1	50	4
Curso PRL Comité de seguridade e saúde 2019	1	50	12
Desfibrilación externa semiautomática (DESA)	2	4	49
Formación de equipos de emerxencia (para alumnos e persoal externo)	4	20	28
Formación de equipos de emerxencia (para PAS e PDI)	2	1	13
Formación inicial de prevención de riscos laborais para novas incorporacións	2	4	146
Loita contra incendios	1	4	16
Primeiros auxilios	6	24	69
Taller de reanimación cardiopulmonar	4	4	99
Taller: Análisis, avaliación e verificación da seguridade eléctrica das instalacións.	1	12	1
Total	40	412,5	722

5. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

Nos centros da Universidade de Vigo desenvolven a súa actividade profesional traballadores e traballadoras pertencentes a empresas alleas, polo que é necesario coordinar as actividades de xeito que non xeren riscos para a seguridade e saúde nos centros ou lugares de traballo nos que exista concorrencia de actividades empresariais.

Actuacións con empresas novas	2019
Obra	24
Proxecto de investigación	4
Servizo	9
Subministro	6
Outros	1
Total	44

Actuacións con empresas xa rexistradas	2019
Total	113

6. PLANES DE AUTOPROTECCIÓN

Implantación e revisión de plans de autoprotección en aplicación do artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Planes de autoprotección (Centros)	Campus
E E Empresariais	Vigo
E E Telecomunicacións (revisión 01 en proceso)	Vigo
Edificio Fundición	Vigo
Edificio Ernestina Otero	Vigo
Edificio Miralles	Vigo
MTI	Vigo
Edificio Olga Gallego Domínguez	Ourense
Edificio Concepción Ramón Amat	Ourense
Edificio Campus da Auga (en proceso)	Ourense
Simulacros (Centros)	Campus
CACTI-CINBIO	Vigo
CITI	Ourense

7. VIXILANCIA DA SAÚDE

O Real Decreto 39/1997 artigo 37.3.b, indica que en materia de vixilancia da saúde, a actividade sanitaria deberá abranguer:

- Incorporación de novos traballadores/as, ou con novos riscos.
- Reincorporación de traballadores/as despois dunha baixa prolongada.
- Vixilancia da saúde a intervalos periódicos.

Incorporación de novos traballadores.

Campus	Notificacións	Autoriza RM	Non autorizan
Ourense	53	20	33
Vigo	172	98	74
Pontevedra	42	22	20
Total	267	140	127

Lactación natural. Dúas traballadoras con revisión da avaliación do posto de traballo (1 apta e 1 apta con limitacións).

Situación de embarazo. Recepción de notificacións e traslado ao servizo médico.

Campus	Notificacións	Apta	Apta con limitacións	Non apta
Ourense	1	-	1	-
Vigo	5	1	4	-
Pontevedra	-	-	-	-
Total	6	1	5	-

Notificacións de baixas superiores a 60 días recibidas no SPRL.

Campus	Notificacións	Autoriza RM	Non autorizan	Non respos
Ourense	12	5	7	-
Vigo	35	12	22	1
Pontevedra	8	2	5	1
Total	55	19 (35%)	34	

Recoñecementos médicos realizados.

Lugar	Periódico	Inicial	Outros	Total
Lagoas Marcosende	614	73	27	714
Vigo (cidade)	44	28	9	81
Ourense	126	22	24	172
Pontevedra	65	16	2	83
Outras (Santiago/ Lugo)	2	2	-	4
Total	851	141	62	1054

(*) Outros por: Baixas mais de 60 días, embarazo, lactación, licencias, adaptacións, especiais, etc...

Adaptacións.

Se o resultado do recoñecemento é “Non apto”, ou “Apto con limitacións” o servizo de prevención remite á xerencia un informe coa proposta de adaptación ou necesidade de cambio de posto de traballo. No ano 2019 se realizaron 9 adaptacións todas no campus de Vigo, e 10 modificacións de adaptacións anteriores (Ourense 1, Pontevedra 2, Vigo 7).

8. XESTIÓN DE CAIXAS DE URXENCIAS

As caixas de urxencias e a dotación de material de urxencias é subministrado á Universidade pola Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

O Servizo de Prevención da Universidade recibe o material da Mutua e encargase de atender as peticións de novas caixas ou reposición de material.

- Novas caixas de urxencias 7
- Reposición de contidos 36

9. Xestión de equipos de protección individual

Centro	EPIs
ECIMAT	1
Edificio Ciencias Experimentais	4
Edificio Ernestina Otero	2
Edificio Exeria	7
Edificio Filomena Dato	4
Edificio Isaac Newton	1
EE Empresariais	1
EE Industrial (campus)	3
EE Industrial (cidade)	2
EE Telecomunicación	1
Fac. CC Xurídicas e do Traballo	1
Biblioteca Central (Vigo)	2
Pavillón deportes (Vigo)	2
Unidade transporte e distribución	1
Unidade administrativa (Ourense)	1
Xardinería Ourense	1
Edificio Politécnico	1
EE Aeronáutica e do Espazo	1

10. Outras actividades

- Titoría de prácticas do voluntariado da Universidade de Vigo.
- Titoría de prácticas de alumnos do “Master en Prevención de Riscos Laborais”.
- Participación nos programa formativos da Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.
- Solicitud de do BONUS do exercicio 2018.
- Catro charlas informativas ao novo alumnado do Edificio de Ciencias Experimentais.

Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A OMA é o servizo responsable da política ambiental da Universidade de Vigo. Entre as súas funcións están intervir nas actuacións que poidan producir impactos ambientais, a conservación e restauración do medio natural, asesorar á comunidade universitaria en materia ambiental e promover accións que aumenten a calidade do medio. Ao longo do curso 2018-2019, baixo o marco destes obxectivos, as principais actividades desenvolvidas foron:

Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas

e residuos

No campus de Pontevedra, xunto coa súa vicerreitoría, desenvólvese un sistema de seguimento e xestión ambiental (bandeira verde universitaria) dentro do marco do Programa Green Campus, coordinado pola entidade Adeac.

Dende a OMA coordínase e supervísase a recollida dos residuos perigosos de tódolos centros dos 3 campus a través de xestores autorizados. Durante o curso 2018-2019 retiráronse as seguintes cantidades:

	outubro 2018	abril 2019
Total residuos perigosos (kg)	10.739	9.343

Trabállase tamén na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de tódolos centros da universidade. Para isto colabórase co Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material eléctrico e electrónico potencialmente reutilizable. Neste curso, o ratio en peso de material recuperado con respecto ao total desbotado foi arredor dun 10%. A cantidade total tratada a través de xestor autorizado deste tipo de residuos foron uns 6.704 kg. Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) retirados no curso 2018-2019 foron:

	Reutilizados GRUVI	Xestor autorizado
Ordenadores	85	611
Monitores	36	247
Impresoras + escáneres	7	181
Caixas con material variado	-	98
Outros equipos eléctricos	-	58
TOTAL	128	1.195

Tamén se leva o control, segregación e xestión doutro tipo de residuos como os sandach (de laboratorios de experimentación animal), fluorescentes e lámpadas, consumibles de oficina, teléfonos móbiles, etc.

Rexístranse mensualmente os consumos de auga, electricidade e combustibles, estudando na medida do posible medidas de aplicación de eficiencia enerxética e aforro.

Continúase traballando no seguimento e cuantificación do impacto ambiental da universidade en base ao estudo da Pegada de Carbono/Ecolóxica. Este e outros indicadores (coma o caso da enquisa Green Metric entre universidades a nivel internacional) miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica do planeta para xerar os devanditos recursos. Estes datos son públicos e están dispoñibles na web da OMA: <http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>

Sensibilización e formación

Durante este curso continuouse cun Programa de Educación Ambiental coas visitas dos itinerarios “Universidade é Natureza” e “Ruta das Árbores” dirixido principalmente a estudantes de centros de ensino obrigatorio e membros da comunidade universitaria. O obxectivo é dar a coñecer a grande variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunhas singulares polo seu porte, rareza ou idade.

Dentro do ámbito do Desenvolvemento Sustentable e a Xestión Ambiental convocáronse 6 bolsas de formación para estudantes e contouse coa colaboración de varios proxectos fin de grao e fin de mestrado, así como estudantes que desempeñaron labores de voluntariado e apoio na xestión ambiental e mantemento e conservación do medio natural.

Conservación do medio natural

No que respecta ao control e erradicación de especies invasoras, continúaase co seguimento e control de especies de flora invasora (acacia, mimosa, robinia, cortaderia, canaveira, onagra, margarida africana, herba do Himalaia, herba tintureira, cala, glicinia, eixerón, etc.) e capturas de fauna invasora (como o cangrexo americano, a tartarugas de Florida e os carpíns) nas lagoas e estanques dos campus.

Unidade de Xardinería e Zonas Verdes: Conservación das zonas verdes dos Campus de Vigo e Pontevedra, infraestruturas relacionadas e traballos asociados.

Dende a Unidade de Xardinería e Zonas Verdes, nos campus faise un traballo constante ó longo do ano na xestión da conservación das zonas verdes, así como traballos complementarios relacionados. En función

da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planifícanse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a biodiversidade e o potencial ornamental e paisaxístico das zonas verdes:

- Supervisión e control periódico do estado das zonas verdes, mobiliario urbano e infraestruturas.
- Planificación e coordinación dos traballos de conservación en zonas verdes e infraestruturas (estacionamentos, sistema viario e peonil, zonas duras, sistemas de drenaxe, estanques e limpeza xeral periódica dos campus).
- Traballos de mantemento: podas, reprodución de plantas, rega e mantemento dos sistemas de rega, compostaxe, etc.

Traballos extraordinarios e estacionais no campus de Vigo:

Xestión de residuos:

Limpeza de dúas entulleiras “espontáneas”.

- Limpezas especiais das zonas comúns do campus despois de eventos (celebracións de San Teleco (10 ha), San Pepe (8 ha), eventos deportivos, probas de acceso á universidade, actos institucionais protocolarios).
- Recollida de residuos inertes de centros, servizos, laboratorios e infraestruturas (15 servizos de recollida, clasificado, reciclaxe e almacenamento temporal de materiais metálicos, áridos, madeira, sinais de tráfico).
- Recollida de residuos inertes e limpeza especial de líquidos das calzadas logo dos accidentes de tráfico nas estradas dos campus.
- Limpeza de estradas, sendas e zonas duras mediante varredora aspiradora urbana: recollidos máis de 40 m³ de áridos e restos vexetais.
- Recollida e tratamento de residuos vexetais producidos nos traballos de conservación de zonas verdes: triturado e compostaxe de restos vexetais para emprego na restauración de solos, plantacións e acolchados: uns 30 m³ de compost maduro e 120 m³ de triturado de pólas de poda.

Plantacións:

- Plantación de 50 árbores frondosas en zonas forestais onde se cortaron piñeiros para cumprir a normativa para a prevención de incendios. Ademais plantáronse

tamén arbustos en varias zonas dos campus como mellora paisaxística.

- Instalación de dous xardíns interiores na Facultade de Ciencias Económicas.

Outros traballos:

- Reforma e mellora da zona verde da barreira fronte ó edificio Filomena Dato.
- Proxecto para a mellora e acondicionamento ambiental da zona traseira do Cacti-Cinbio.
- Participación periódica co Grupo de Invasoras da OMA, no seguimento e erradicación das especies de flora exótica e invasora en diferentes ecotonos e xardíns dos campus.
- Instalación de medidas contra a Cortaderia, e actuación periódica sobre tódalas áreas de Cortaderia, Persicaria, Oenothera, acacias, eucaliptos e robinias.
- Colaboración cos bolseiros da OMA na vixilancia e identificación de problemas sanitarios no arborado.
- Xestión de tratamentos e medidas fitosanitarias en árbores. Actualización da normativa e procedementos fitosanitarios.
- Colaboración con grupos de investigación, proporcionando materiais, planimetría do campus, instalando sinalización e preparando zonas de investigación.
- Instalación de 100 carteis identificativos de árbores e arbustos singulares do campus de Vigo.
- Proposta e xestión das medidas correctoras en adaptación á lexislación actualizada para a prevención de incendios nos campus. Corta de piñeiros nas zonas de risco nas proximidades de estradas, edificios e vivendas.
- Instalación de dous valados en sendas peonís.
- Colaboración co Servizo de Deportes e a Deputación de Pontevedra na mellora do campo de rugby para a súa homologación a nivel estatal.
- Xestión e aplicación de medidas correctoras e protectoras para a mellora do estado fitosanitario e da estabilidade do arborado, ante obras e na contorna de edificacións e infraestruturas.

No Campus de Pontevedra:

- Coordinación e supervisión dos traballos de estabilidade realizados no arborado dese campus.

Poda de seguridade extraordinaria de 5 Acer sacharium.

No campus de Ourense:

- Organizáronse visitas guiadas para a materia de Xardinería que se imparte na Facultade de Ciencias dese campus e visitas guiadas coa aula de maiores e amigos das árbores da SGHN.
- Tamén se eliminaron as pintadas sobre as esculturas en madeira dos xardíns e se pintaron adecuadamente.
- Acometéronse actuacións de eliminación de avéspora asiática, procesionaria e control de roedores.
- Completáronse con ilustracións e información adicional as fichas do mapa online e códigos QR das Árbores do campus Ourense.
- Recolléronse datos de consumos dos sistemas de calefacción por bombas de calor no edificio da Unidade Administrativa (histórico dende o 2014).
- Fíxose apeo e eliminación de tocóns de Platanus x hispánica ao lado do invernadoiro e doutros pés con estabilidade comprometida.
- Revisáronse e podáronse por seguridade os 5 cedros do campus.
- Preparáronse e enviáronse os anacos de madeira á xiloteca da escola de Enxeñería Forestal de Pontevedra.
- Elaborouse o mapa co mobiliario urbano do campus para a propia vicerreitoría e o informe sobre deficiencias de rega e xardín do novo edificio do Campus da Auga, ofrecendo solucións ó respecto.

Área de Innovación Administrativa

Actuacións máis salientables da Área de Innovación Administrativa do Vicerreitorado de Planificación e Sostibilidade.

Preparación, xunto coa ORI, o Vicerreitorado de Internacionalización, Dirección de Novas Tecnoloxías e os Servizos Informáticos, do convenio e estudo do software a utilizar pola Oficina de Relacións Internacionais.

Estudio e modificación, xunto cos Servizos Informáticos, do SEIX, do xeito de evitar o non peche das páxinas unha vez o usuario sae da páxina principal.

Estudio e modificación, xunto cos Servizos Informáticos, e distintos compañeiros de varios departamentos, do

software de solicitude de permisos conseguindo que aparecieran na mesma xanela tanto os días de libre elección, como os enlaces de comisións de servizos, como a entrada a solicitude de permisos por docencia e investigación.

Neste momento está en estudo as modificacións necesarias para que os días de libre elección poidan solicitarse e non só verse sobre a mesma xanela.

Estudio, preparación e fase de configuración tanto cos responsables, como cos Servizos Informáticos e a Dirección de Infraestruturas, do novo formato de solicitudes de servizo da SPRL (Servicio de Prevención de Riscos Laborais) e citas médicas.

Estudio, preparación e fase de configuración tanto cos responsables, como con responsables de algúns centros, cos Servizos Informáticos e coa Dirección de Calidade, do novo formato das Guías Docentes.

Estudio e preparación da UEQ en fase de requisitos, para o novo sistema de FAITIC.


Estudio e preparación da UEQ das iconas e puntos de enlace, entradas e combinacións de SEIX.


Desenvolvemento de regulamento de permisos electrónicos (en fase de estudio) xunto co Vicerreitorado de Profesorado e a Asesoría Xurídica.

Área de Novas Tecnoloxías

Durante o curso académico 2018-2019, dende a Dirección da Área de Novas Tecnoloxías, en coordinación coa Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, realizáronse diferentes actividades de planificación e actualización dos diferentes servizos e infraestruturas que se ofrecen dende a área de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (ATIC) da Universidade de Vigo. Entre estas actividades cabe citar pola súa importancia as seguintes: a terminación da web nova da universidade e o apagado da web antiga (proceso complexo que está previsto que finalice nuns poucos meses); a definición e especificación de diferentes cambios na ferramenta Xescampus para poder ofrecer novos servizos dende a web; a selección dun provedor para a posta en marcha dun servizo de laboratorio remoto con fins docentes; a selección e adquisición dunha ferramenta informática para a Oficina de Relacións Internacionais (ferramenta MoveOn, na actualidade en

fase de implantación); a actualización da plataforma de teledocencia FAITIC da Universidade (actualmente, en proceso de desenvolvemento); a selección do provedor para a posta en marcha do servizo de Sede Electrónica da Universidade; e a definición de novas infraestruturas TIC e a definición de novos servizos para o novo edificio do Berbés (a inaugurar en próximas datas).





Servizo de Asesoría Xurídica

A Asesoría Xurídica presenta a súa memoria de actividades correspondente ao período comprendido entre agosto de 2018 e xullo de 2019 ámbolos dous meses incluídos. O total de expedientes deste período é de 389 (igual que no curso anterior), volume de traballo que se incrementa debido ao longo período de tramitación dos expedientes xudiciais, á continuación de recursos iniciados en anos anteriores e que seguen a súa tramitación, e á complexidade de cada vez máis casos, así como á resolución de asuntos vía telefónica ou a través de reunións.

Procedemos en primeiro lugar á clasificación cuantitativa do traballo desenvolvido neste Servizo: o primeiro cadro recolle a totalidade dos expedientes que se abriron durante o período comprendido entre o 1 de agosto de 2018 e o 31 de xullo de 2019, e os cadros seguintes ofrecen un desglose mensual.

Total Curso Académico 2018-2019

<hr/>	
Expedientes: 389	
Convenios	186
Informes	128
Recursos por vía administrativa	9
Recursos xudiciais laborais	14
Recursos Contencioso-Administrativo	24
Outros	28
<hr/>	

Desglose mensual

Agosto de 2018

<hr/>	
Expedientes: 7	
Convenios	3
Informes	4
Recursos por vía administrativa	-
Recursos xudiciais laborais	-
Recursos Contencioso-Administrativo	-
Outros	-
<hr/>	

Setembro de 2018

Expedientes: 19	
Convenios	7
Informes	4
Recursos por vía administrativa	1
Recursos xudiciais laborais	-
Recursos Contencioso-Administrativos	5
Outros	2

Xaneiro de 2019

Expedientes: 26	
Convenios	13
Informes	7
Recursos por vía administrativa	1
Recursos xudiciais laborais	-
Recursos Contencioso-Administrativos	2
Outros	3

Outubro de 2018

Expedientes: 36	
Convenios	20
Informes	13
Recursos por vía administrativa	-
Recursos xudiciais laborais	2
Recursos Contencioso-Administrativos	-
Outros	1

Febreiro de 2019

Expedientes: 34	
Convenios	17
Informes	6
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	2
Recursos Contencioso-Administrativos	2
Outros	5

Novembro de 2018

Expedientes: 37	
Convenios	15
Informes	14
Recursos por vía administrativa	-
Recursos xudiciais laborais	3
Recursos Contencioso-Administrativos	2
Outros	3

Marzo de 2019

Expedientes: 30	
Convenios	16
Informes	6
Recursos por vía administrativa	-
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativos	3
Outros	4

Decembro de 2018

Expedientes: 32	
Convenios	13
Informes	16
Recursos por vía administrativa	-
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativos	2
Outros	-

Abril de 2019

Expedientes: 42	
Convenios	18
Informes	15
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	-
Recursos Contencioso-Administrativos	-
Outros	7

Maio de 2019

Expedientes: 43	
Convenios	20
Informes	14
Recursos por vía administrativa	1
Recursos xudiciais laborais	3
Recursos Contencioso-Administrativos	4
Outros	1

Xuño de 2019

Expedientes: 46	
Convenios	30
Informes	11
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativos	1
Outros	1


Xullo de 2019

Expedientes: 37	
Convenios	14
Informes	18
Recursos por vía administrativa	-
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativos	3
Outros	1

Respecto da actividade xudicial indicar que, dun total de 42 sentencias, 26 foron favorables a esta Universidade, e 16 estiman os intereses da parte contraria (catro delas solo en parte).

Toda esta actividade increméntase con outros asuntos, como son a asistencia ás Mesas de Contratación, as consultas presenciais e telefónicas, as reunións de traballo, a lectura e posta ao día da lexislación, o intercambio de documentación con outras universidades, e a recompilación, clasificación e arquivo das sentencias.





Servizo de Xestión Económica e Contratación

Área de contratación

Contratos celebrados por tipos contractuais e por procedementos de contratación:

O Servizo de xestión económica e contratación é fundamentalmente o que leva a cabo a xestión dos expedientes xerados pola contratación administrativa cuxa competencia se atopa delegada na Xerente en virtude do disposto na Resolución Reitoral de 1 de decembro de 2018 de delegación de competencias (DOG nº 233 de 7/12/2018)

Na memoria non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados nos artigos 118 e 131 da LCSP. Ao respecto indicar que a publicidade relativa a ditos contratos, en base ao disposto no artigo 63.4 da LCSP, efectúase na Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

Os aspectos máis salientables da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, servizos e concesión de servizos) e os contratos de carácter privado do exercicio 2019, aparecen reflectidos nos cadros e gráficos que se indican de seguido.

CADRO N° 1: Comparativa de volume de contratación nos cinco últimos exercicios

	Exercicio 2014	Exercicio 2015	Exercicio 2016	Exercicio 2017	Exercicio 2018	Exercicio 2019	Diferencia co exercicio 2018	% Increm./ Dimin. 2019
Importes de adxudicación	6.491.730,19	17.957.940,99	5.784.354,29€	12.411.236,52	5.216.014,45	10.374.973	5.158.958,55	98,91%
N° expedientes	45	70	19	34	31	34	3	9,8%

CADRO 2: Cadro resumo por número de procedementos de adxudicación

Tipo de contrato	Procedemento negociado	Aberto tramitación reducida	Procedemento aberto	Total
Obras		1	2	3
Servizos	3-	1	6	10
Subministracións	-	2	17	19
Privados	-	-	2	2
Totais	3	4	27	34

CADRO 3: Resumo por cada tipo de contrato de: número de expedientes, importes principais e baixas

Tipo de contrato	N° de expedientes	Importes de licitación	Importe de adxudicación	Baixas
Obras	3	918.887	778.809	314.112
Servizos	10	4.560.303	4.201.197	359.106
Subministracións	19	4.543.458	4.107.252	436.206
Privados	2	352.325	230.929	121.396
Totais	34	10.374.973	9.144.152	1.230.821

CADRO 4: Información por tipo de contrato sobre os importes de adxudicación (€)

Tipo de contrato	Procedemento aberto		Procedem. restrinxido		Procedemento negociado		Diálogo competi- tivo	Adxudi- cación directa	Total
	Multiplicidade de criterio	Criterios automáticos	Mul. criterio	Criterios automáticos	Con publi- cidade	Sen publicidade			
Obras	-	3	-	-	-	-	-	-	778.809
Subministracións	7	12	-	-	-	-	-	-	4.107.252
Patrimoniais	-	7	-	-	-	3	-	-	4.201.197
Servizos	2	-	-	-	-	-	-	-	230.929

CADRO : Comparativa de documentos contables tramitados na área de xestión económica

	2011	2012	2013	2014	2015
Documentos válidos	5.811	6688	7.939	9.230	10.058
Importe (€)	8.868.589,72 €	8.457.466,87€	10.193.318,54€	10.973.525,25€	23.155.833,03 €
Importe (€) /documento	1526,18 €	1.264,57€	1.283,95€	1.188,90€	2.302,23
Importe (€ en miles)	8.868,59 €	8.457,47€	10.193,31€	10.973,52€	23.155,83

	2016	2017	2018	2019
Documentos válidos	9.970	9.649	9.696	8.890
Importe (€)	17.940.409,46 €	19.554.008,07	22.362.351,24	19.042,39
Importe (€) /documento	2026,54	2026,54	2306,35	2141,96
Importe (€ en miles)	19.554,01	19.554,01	22.362,35	19.042,04

CADRO 6: Comparativa de documentos contables tramitados na área de contratación

	2011	2012	2013	2014	2015
Documentos válidos	483	583	498	522	398
Importe (€)	12.210.074,38€	14.866.710,43€	10.651.914,77€	12.285.645,38€	7.376.552,03 €
Importe (€) /documento	25.279,66€	25.500,36€	21.389,39€	23.535,72€	18.534,05 €
Importe (€ en miles)	12.210,07€	14.866,71€	10.651,91€	12.285,64€	7.376,55 €

	2016	2017	2018	2019
Documentos válidos	320	186	124	506
Importe (€)	3.853.056,74 €	5.246.154,02	2.770.514,16	11.544.341,7€
Importe (€) /documento	12.040,80	28.205,13	22.342,86	
Importe (€ en miles)	3.853,05	5.246,16	2770,51	11.544 MILES

- DOCUMENTOS CONTABLES VALIDOS EMITIDOS POLO SERVIZO DE XESTION ECONOMICA E CONTRATACION 1.583

A ACSUG, en acordo coas universidades do SUG, lanza un programa piloto para PD propios e a UVigo decide incorporar catro programas. As visitas celébranse en Novembro de 2019 e os informes provisionais non foron recibidos. Os programas avaliados foron:

- PD Ordenación Xurídica do Mercado
- PD Ciencias da Educación e do Comportamento
- PD Educación, Deporte e Saúde
- PD Tecnoloxías da Información e as Comunicacions

Programa Docentia

No curso 2018-2019, publicouse a convocatoria quinquenal do programa Docentia que segue a desenvolverse. A finais de ano iniciouse a fase de avaliación do profesorado solicitante (53 solicitudes e 2 renunciadas). Durante o curso 19/20 publicaranse os resultados do programa, publicados no curso 2017-2018:

Programa FIDES-AUDIT: Sistema de Garantía de Calidade

Sistema de Calidade de Grao e Mestrado

O programa FIDES-AUDIT enmarca o deseño e desenvolvemento do sistema de garantía calidade dos centros. Neste curso académico completouse a revisión e actualización da seguinte documentación do sistema de calidade dos centros da Universidade de Vigo:

- IA01 Xestión de recursos materiais e servizos
- DO0203 Orientación ao alumnado e atencións ás necesidades específicas de apoio educativo

Durante este curso celebrouse o proceso de certificación FIDES-AUDIT da implantación do Sistema de Calidade da Escola de Enxeñaría Industrial. Durante o curso actual non se recibiron os resultados, pero as perspectivas no informe oral foron positivas. Neste senso, a Facultade de Bioloxía e a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación renovaron a certificación dos seus SGC.

Sistema de Calidade de Doutoramento

O SGC de doutoramento da Universidade de Vigo ten un deseño centralizado e abrangue todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade. O proceso para obter esta certificación desenvolveuse sobre todo ao longo de 2018 conducido por un grupo de traballo composto pola dirección da Eido, o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e a Área de Calidade. Tamén tomaron parte outros colectivos asociados ao ciclo de doutoramento como os membros das comisións académicas dos programas de doutoramento, persoal investigador e áreas académicas.

A fase de deseño do SGC rematou a finais de 2018. A Comisión de Calidade da Eido validou este deseño o día 14/12/2018 e o Comité de Dirección, máximo órgano de responsabilidade da Eido, aprobouno na súa sesión do 17/12/2018. A documentación completa enviouse a ACSUG o 20.12.2018. Con data 31/07/2019 recibíuse o informe final favorable de certificación do deseño. Neste informe non se inclúe a necesidade de por en marcha ningunha acción de mellora pero inclúense algunhas recomendacións. A EIDO convértese na primeira do SUG que acada esta certificación.

Programa de Seguimento das Titulacións

Grao e mestrado

As titulacións avaliadas externamente foron 2 mestrados: Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA) e o Máster universitario en necesidades específicas de apoio educativo. En ámbolos dous casos non se teñen recibido aínda os informes finais da ACSUG.

Por outra banda, actualizouse o proceso de seguimento interno de forma que se avalían a través do Informe de

Revisión pola Dirección os títulos e centros que cumpran uns determinados criterios como proximidade de un proceso de avaliación externo ou a propia solicitude por parte dos centros. Nesta primeira convocatoria participaron sete graos e másters e tres centros.

Doutoramento

que foran implantados no 13/14 (14 PD da UVigo, 6 da USC e 1 da Universidade do País Vasco). En xeral os resultados foron bos, no sentido de que se acadou a conformidade na maioría deles e faltan varios informes finais por recibir. Na convocatoria 18/19, a ACSUG, seguindo a súa propia programación de avaliación, non avaliou ningún programa da UVigo.

A Área de Calidade coordinou e elaborou unha proposta de modelo de seguimento simplificado aplicable ás 3 universidades do SUG. Esta proposta enviouse a ACSUG o 11.06.2019.

Enquisas de satisfacción coas titulacións

Grao e mestrado

No curso 2018-2019 leváronse a cabo as enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais dos seguintes grupos de interese:

Enquisas de satisfacción coas titulacións						
	Participación Global			Índice de satisfacción global		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Alumnado	25.09%	32.28%	29.12%	3,35	3,21	3,26
Profesorado	40.24%	46.16%	42.70%	4.20	4.21	4.21
Persoas tituladas	35.74%	33.87%	35.06%	3,28	3,34	3,31
Persoal de admin. e servizos	21,65%	31,25%	27,73%	3,47	3,70	3,61

No que se refire ás enquisas de alumnado, a participación mantívose no entorno do 30%. O índice de satisfacción aumentou lixeiramente respecto ao curso académico anterior. Para as persoas tituladas, aínda que o índice

de satisfacción global na Universidade de Vigo é lixeiramente superior ao obtido no curso anterior, e a participación volveu a datos de anos pasados en torno ó 35%. No relativo a profesorado, a participación foi boa e os resultados acadaron un destacado 4.21 sobre 5. Para o persoal de administración e servizos a participación foi a menor de todos os colectivos e os resultados de satisfacción foron bos.

Doutoramento

A Área de Calidade segue a dinamizar a execución do deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido aprobado para os cursos 2017/18 e 2018/19. A participación foi, en xeral, boa xa que se alcanzou o 50% para os doutorandos de primeiro ano e o 42,6% para os de terceiro ano.

Enquisas de satisfacción coas titulacións			
	Índice de satisfacción global		
	Home	Muller	Total
Doutorandos/as 1º ano	4,17	3,92	4,04
Doutorandos/as 3º ano	3,75	3,77	3,76

Tamén, se está a traballar en harmonizar os métodos e cuestionarios de avaliación entre as 3 universidades do SUG. En particular, como seguinte obxectivo, para o PAS.

Enquisas de avaliación docente

Os períodos de realización das enquisas foron do 5 de novembro ao 20 de decembro para o primeiro cuadrimestre e do 01 de abril ao 31 de maio para o segundo. No curso 18/19 avaliáronse 1658 docentes e 2737 materias distintas. Planificouse a realización de 66130 enquisas e con un total de 69792 cuestionarios.

O resultado global (escala 1 a 5) das avaliacións foi 3,92. O ítem mellor valorado foi a adecuación ao recollido na guía docente (4,08) e o ítem peor valorado é o fomento a participación e motivación do alumnado (3,79).

Guías Docentes

Como todos os cursos académicos, xestionouse a apertura das guías docentes para o curso 2019-2020. Dende a Área de Calidade coordináronse os prazos e tarefas de modificación e publicación das guías para o seguinte curso

académico. Xunto cos servizos informáticos resolvéronse distintas incidencias relacionadas co proceso.

Verificación e modificación de titulacións

Durante o curso 2018-2019 colaborouse no deseño das novas titulacións a implantar na Universidade de Vigo e tamén se acometeron varias modificacións de memoria de titulacións de grao e mestrado.

Comisión de Calidade da Universidade de Vigo

A Área de Calidade organizou e dinamizou o funcionamento da Comisión de Calidade da universidade, que preside o reitor. A Comisión de Calidade reuniuse en dúas ocasións, de xeito ordinario no curso 18/19. Os principais temas tratados foron o informe sobre a proceso de acreditación dos títulos oficiais de grao, mestrado e doutoramento do curso anterior, tratar as propostas de modificación dos procedementos do SGC e tamén se expuxo para achegas o Regulamento de QSPs que posteriormente foi aprobado en CG.

HRS4R Human Resources Strategy for Researchers

Este programa responden a exixencias internacionais no eido da investigación canalizadas a través da axencia europea EURAXESS da Comisión Europea.

Inclúese no seu ámbito de aplicación a Escola Internacional de Doutoramento (Eido), que desde a súa consideración como centro de investigación, é responsable da formación de investigadores na súa primeira etapa de desenvolvemento profesional.

A Universidade de Vigo comezou a implantar este programa no 2016/17. A Área de Calidade incorporábase en xaneiro do 2019. As actividades dinamizadas oriéntanse en 3 eixes:

1. Aspectos organizativos: re-definición e aprobación en Consello de Goberno dos grupos de traballo (working groups) o 29.04.2019. Dinamización dos grupos:
 - Steering Committee: órgano de máximo nivel de responsabilidade institucional
 - Workig Group (WG): órgano de xestión e coordinación
 - Implementation WG –IWG-: grupo de traballo de implantación

- Open Transparent & Merit Based Recruitment WG
–OTM-R WG–: grupo de traballo da estratexia de contratación

2. Creación (31.01.2019) e mantemento do perfil EURAXESS da Universidade de Vigo. Elaboración e carga do Informe intermedio de Revisión Interna en EURAXESS (30.05.2019).

- Resultado: valoración administrativa (Administrative eligibility) aprobada o 21.06.2019 e valoración de calidade (Quality assessment) aprobado, sen necesidade de accións correctivas, o 16.09.2019.

3. Implantación das accións previstas no Plan de acción: Dinamización das 15 liñas de traballo orixinais e 4 adicionais no eido da investigación e transferencia.

Outras actividades e proxectos

Web Calidade

- Mantemento e mellora da páxina web institucional sobre Calidade. Comunicación institucional: 12 novas publicadas (8 no DUVI + 4 propias).
- Deseño e posta en funcionamento da páxina de calidade da web da Eido.

Formación

Deseño e impartición de actividades formativas:

- Calidade en Doutoramento, campus de Vigo, 24 a 30 abril e 14,15, 21, e 22 maio 2019
- Curso HRS4R, campus de Vigo, 7 e 8 maio 2019





Área de Formación e Innovación Educativa

Programa de Formación Permanente do PDI

No ano académico 2018-19 leváronse a cabo un total de 39 cursos que axudaron a desenvolver as diferentes competencias docentes. Realizáronse actividades formativas relacionadas coas competencias docentes de planificación, metodoloxías, tipoloxías de avaliación, integración de medios tecnolóxicos, comunicación, motivación, integración e investigación; e con competencias transversais.

Para tentar adaptarse ás necesidades do profesorado incrementáronse os cursos en modalidade virtual e semipresencial.

Algunhas das actividades formativas foron coorganizadas coa Vicerreitoría de Investigación; Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación; a Unidade de Igualdade e a Oficina de Software Libre (OSL).

A demanda de cursos ponse de manifesto no número de preinscricións. Recibíronse 870 preinscricións para participar nas actividades desenvolvidas e un total de 637 persoas participaron nas formacións.

Datos dos/as participantes nas formacións desagregados por sexo:

Mulleres	391
Homes	246
Total	637

Desenvolvéronse un total de 39 cursos que se distribuíron en modalidade presencial e virtual:

Modalidade virtual	13
Modalidade presencial	23
Campus de Ourense	7
Campus de Pontevedra	6
Campus de Vigo	13
Total	39

Os cursos desenvolvidos foron os seguintes:

Modalidade virtual

- Análise estatística con RCommander (4 edicións).
- Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais (2 edicións).
- Creación de infografías e deseños vectoriais.
- Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus.
- Iniciación a GNU Octave.
- Introducción práctica ao Flipped Learning: bases do modelo, deseño da aprendizaxe e ferramentas para implementalo (2 edicións).
- A metodoloxía da Aprendizaxe-Servizo.
- Apoio para a elaboración das memorias das titulacións (apartados 3 e 5).

Modalidade presencial

- Curso de iniciación ao Moodle (2 edicións).
- A creación de empresas baseadas na investigación universitaria (Spin-off). Aspectos legais, técnicos e financeiros.
- Wordpress autoxestionado. Controla a túa web con este CMS desde a súa instalación ata ao seu mantemento.
- Mindfulness e docencia.
- Design Thinking como metodoloxía para a aprendizaxe baseada en proxectos (2 edicións).
- Protección de datos (3 edicións).
- Gamificación na docencia universitaria (2 edicións).
- Curso de pronuncia para a docencia en inglés (3 edicións).
- Práctica do discurso oral en inglés en foros internacionais.
- Creación de contidos interactivos propios con H5P (2 edicións).
- Como empregar a mentoría na docencia universitaria.
- Competencias transversais para o desenvolvemento persoal y profesional.
- Desenvolvemento persoal do/a docente: Deixa de fabricar medos.
- Incorporación da análise de xénero á investigación.

- Fondos europeos para a innovación.
- Como motivar ao alumnado na aula.
- HR: O selo de excelencia para mellorar o mercado laboral dos investigadores/as
- Creación, xestión e mantemento de páxinas web con Wordpress no teu espazo web da @uvigo.
- Oratoria e comunicación para docentes.
- Xornada informativa das Marie Sklodowska Curie Actions-MSCA.

Grupos de Innovación Docente

Para seguir impulsando a reflexión sobre a práctica docente e apoiando as iniciativas que dean un impacto na mellora da calidade docente xeráronse 6 novos Grupos de Innovación Docente.

A continuación lístanse os nomes e o coordinador/a dos GID creados:

- HILDEGARD (Innovación en Sexualidade, Xénero e Saúde). *Coordinadora: María Lameiras Fernández.*
- Educación transformadora: Ciencia, Comunicación e Sociedade. *Coordinador: Miguel Cuevas Alonso.*
- INNOVA-UVigo. *Coordinadora: Manola Raposo Rivas.*
- IN-PROQUIBIO (Innovación docente en procesos de la industria química, petroquímica y biotecnológica. *Coordinadora: María Asunción Longo González.*
- EvaFiCo. *Coordinadora: M^a Beatriz González Sánchez.*
- GID-EIQ (Educando en Ingeniería Química. *Coordinadora: Begoña González de Prado.*

O 2 de xullo de 2019 publicouse a convocatoria de axudas económicas para a divulgación das actividades dos Grupos de Innovación Educativa. Para esta finalidade destináronse 12.000 €. A iniciativa tivo como obxecto apoiar a xeración de materiais docentes para a docencia universitaria, sufragar actividades de divulgación e participar en congresos para difundir as achegas.

Actividades de formación en centros e departamentos recoñecidas como formación permanente do PDI

Neste ano académico recoñecéronse as seguintes actividades de formación coma formación permanente do PDI:

- As Matemáticas a través da metodoloxía Singapur.
- Ferramentas para o traballo colaborativo en liña.
- O Practicum como proxecto formativo integrado nos Graos de Educación Infantil e Primaria.
- Metodoloxías activas e activación da aprendizaxe en Ciencias.
- Apoio para a elaboración das fichas das materias necesarias para a preparación da memoria de titulación.
- Apoio estatístico con Excel.
- Ferramentas para o profesorado.

Proxecto de Implantación dun Modelo Titorial Baseado na Mentoría/MEET-UVigo

Esta iniciativa consiste en que alumnado dos últimos cursos do grao mentorice ao alumnado de primeiro ano. Para desenvolver esta labor os mentores/as reciben unha formación de 98,5 horas en competencias transversais.

Esta práctica comezou na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Nun primeiro momento a formación era impartida por profesionais do mundo do coaching, mais para poder transferir esta práctica a máis centros, optouse por formar intensivamente a un grupo de profesores/as da Universidade de Vigo e que este se encargase desta tarefa.

No ano académico 2018-19 participaron os seguintes graos:

- Tecnoloxías da Telecomunicación.
- Linguas Estranxeiras.
- Recursos Mineiros.
- Enerxéticos Enerxía.
- Química.

A formación do alumnado mentor desenvólvese antes de comezar o curso académico. Entre os meses de xuño

e de setembro. En xuño de 2019 impartíuse a terceira formación levada a cabo enteira por profesores/as da Universidade de Vigo. As enquisas revelaron o éxito do programa. Algunhas das respostas recollidas das enquisas son as seguintes:

«Creo que sobre todo he ganado en empatía. Aunque solo haya unos cinco años de diferencia entre nosotros, esta generación ya ve las cosas de una manera notablemente diferente a como las veo yo en la actualidad, y a veces es un ejercicio de humildad y empatía volver a ponerse en su piel.»

«He aprendido a dejar un poco la vergüenza de lado y aprendí a comunicarme mejor.»

«Que aunque no haya muchas reuniones, el mentoring es necesario porque cuando llegas a la universidad no sabes con quien hablar, mientras que teniendo un mentor/a es más fácil decir tus temores respecto a la carrera.»

Proxectos de Innovación Educativa en Aprendizaxe-Servizo 2019

Para fomentar o uso da metodoloxía da Aprendizaxe-Servizo (ApS) colaborouse xunto coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación. Esta metodoloxía consiste en que o alumnado aprenda contidos curriculares facendo un servizo á comunidade.

Xunto coa publicouse a Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en Aprendizaxe-Servizo 2019.

- Dixitais. Laboratorio cidadán para a competencia dixital e mediática. *Coordinador: Alberto Dafonte Gómez.*
- Aprender ensinando. *Coordinadora: Eulalia Agrelo Costas*
- Formación multidisciplinar para colectivos en riscos de exclusión social o con discapacidades psíquicas o físicas. *Coordinadora: Begoña González de Prado.*
- MicroMundo@UVigo: Aprendizaxe-servizo para a busca de microorganismos produtores de novos antibióticos. *Coordinadora: María José Pérez Álvarez.*
- ApS nas titulacións de Educación Infantil e Primaria.

Coordinadora: Marta Pérez Rodríguez.

- Obradoiro de desenvolvemento de sistemas electrónicos baseados en microcontroladores.
Coordinadora: Camilo Quintáns Graña.
- Camiño verde: Medio ambiente, actividade física e sostibilidade. *Coordinadora: Ana Isabel Rey Cao.*
- INCLÚE-INCADI (Iniciativas da Administración orientadas á inclusión de persoas con capacidades diferentes). *Coordinadora: Soraya Rodríguez Losada.*
- Fluídos divertidos. *Coordinadora: Eduardo Suárez Porto.*
- QTEAM. Mellora o teu campus. *Coordinadora: Enrique José Varela Álvarez.*
- Banco do tempo na Universidade de Vigo.
Coordinadora: M^a Luz Varela Caruncho.
- Educación transformadora: Da aula á realidade.
Coordinadora: María Ainoa Zabalza Cerdeiriña.





Área de Responsabilidade Social e Cooperación

Ao longo de 2019 acometéronse unha serie de accións dentro da Área de Responsabilidade Social e Cooperación orientadas a constituír a base dunha estrutura de responsabilidade social permanente na nosa Universidade. Estas accións desenvolvéronse dentro dos seguintes ámbitos: actividades de sensibilización, cursos de formación, campañas sobre axenda 2030 na web da UVigo e redes sociais, bolsas, premios, prácticas curriculares, proxectos en Aprendizaxe-Servizo, voluntariado, proxectos de cooperación e rexistro CUD.

1. Actividades de sensibilización

Celebración de charlas, conferencias, exposicións e obradoiros destinados ao PDI, PAS e estudantado e cuxa organización correu a cargo exclusivamente da Vicerreitoría ou ben en colaboración con entidades sociais e outras institucións públicas.

Exposición fotográfica Somos Migrantes

- **Descrición.** A exposición é un traballo de varios fotógrafos que percorreron algunhas das fronteiras máis importantes do mundo: México-EEUU, España-Marrocos e o Mediterráneo. En cada cubo onde se expoñen as fotografías hai un código QR que deriva a unha serie vídeos e audios.

- **Data de realización.** 20 de xuño a 5 de xullo.
- **Lugar.** Escola de Enxeñería Industrial (edificio novo). Campus de Torrecedeira.
- **Persoas destinatarias.** Comunidade universitaria e público en xeral.
- **Número de asistentes.** Media diaria 30 persoas (corredor cara a biblioteca)
- **Custo.** 344,91 euros.
- **Responsable(s).** Xosé M^a Mahou Lago e ONG Entreculturas.

Encontro coordinacións ApS

- **Descrición.** Encontro entre os PDI da UVigo que van coordinar un proxecto de ApS durante o curso 2019-20 no marco da primeira convocatoria de proxectos ApS da Universidade de Vigo. O obxectivo foi que se coñeceran, formularan dúbidas e recibiran unha formación de como comezar o traballo da man do profesor da USC Alexandre Sotelino.
- **Data de realización.** 6 de setembro.
- **Lugar.** Videoconferencia entre os 3 Campus.
- **Persoas destinatarias.** Coordinacións dos proxectos ApS.
- **Número de asistentes.** 20

- Custo. A cargo da Área de Formación e Innovación Educativa.
- Responsable(s). Xosé M^a Mahou Lago e M^a Ángeles Villar Lemos.

Encontro de Cooperación Universitaria para o desenvolvemento para o PDI

- Descrición. Este encontro estivo pensado como foro de reflexión entre o PDI da Universidade de Vigo que traballa en temas relacionados coa Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD). O encontro estivo dividido en dúas xornadas, unha dedicada á investigación e outra á docencia. Ademais de coñecer as claves da CUD no marco da Axenda 2030, as distintas fontes de financiamento de proxectos e a estratexia da UVigo en docencia CUD, pretendeuse que o PDI asistente tivera o máximo protagonismo.
- Data de realización. 26 – 27 de setembro.
- Lugar. Campus de Vigo.
- Persoas destinatarias. PDI da UVigo.
- Número de asistentes. 50
- Custo. 1.059,12 euros a cargo da Rede Galega de Cooperación ao Desenvolvemento (RGCUD)
- Responsable(s). Xosé M^a Mahou Lago e M^a Ángeles Villar Lemos.

Xornadas sODStendo o planeta Semana da Axenda 2030

- Descrición. A través de conferencias, obradoiros, concertos e actividades culturais nas que participaron expertos universitarios e representantes de entidades sociais pretendeuse dar a coñecer os 17 ODS da Axenda, sensibilizar aos membros da UVigo sobre a importancia do desenvolvemento sostible para o planeta e recoñecer a aquelas persoas ou entidades que teñan destacado na súa labor solidaria a través do Premio Consello Social_Uvigohumana.
- Data de realización. 16-18 outubro.
- Lugar. Campus de Vigo.
- Persoas destinatarias. Estudantado (recoñecéronse 16 horas e 30 minutos de ECTS), PDI, PAS e público en xeral.
- Número de asistentes. 40

- Custo. 5.822,35 euros (4.471,98 euros a cargo do Consello Social da Universidade de Vigo e 1.322.35 do orzamento da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación)
- Responsable(s). Xosé M^a Mahou Lago.

Concerto solidario

- Descrición. Concerto a cargo de Juancho Marqués cuxa recadación, 1.800 euros, destinouse ao programa de promoción do Dereito Humano á Auga no Golfo de Fonseca en Honduras xestionado pola ONGD Enxeñería Sen Fronteiras (ESF)
- Data de realización. 17 de outubro.
- Lugar. Teatro Vidal Bolaño, CUVI.
- Persoas destinatarias. Comunidade universitaria e público en xeral.
- Número de asistentes. 800
- Custo. A cargo de Extensión Universitaria.
- Responsable(s). Área de Cultura e Área de Responsabilidade Social e Cooperación.

2. Cursos de formación.

A través destes cursos buscouse proporcionar á comunidade universitaria unha formación en Axenda 2030, CUD e Responsabilidade Social co propósito de xerar espazos de intercambio de experiencias e crear redes estables entre os principais actores.

Curso de voluntariado Axenda 2030. Axentes do Cambio

- Descrición. O Curso “Axenda 2030. Axentes do cambio” tivo unha duración de 30 horas e foi dirixido ao alumnado da Universidade de Vigo. O principal obxectivo deste curso foi o de formar a estudantes para que desenvolvan en 2020 unha acción de voluntariado nos tres campus da UVigo para dar a coñecer o contido da Axenda 2030 e os seus 17 ODS mediante paneis informativos e a organización de actividades. O curso contou con 25h de formación virtual en FAITIC na que o alumnado accedeu aos contidos sobre a Axenda e a vídeos explicativos. Para completar a formación virtual, o alumnado asistiu a unha sesión de 5 horas presenciais no campus onde estuda un Grao ou Máster na que

realizaron obradoiros dirixidos a preparar a acción de voluntariado.

- Data de realización. Do 15 de outubro ao 12 de decembro.
- Lugar. 25 horas de ensinanza non presencial (Faitic) e 5 horas de obradoiros en cada Campus.
- Persoas destinatarias. Alumnado da UVigo e comunidades universitaria.
- Número de asistentes. 67
- Custo. 2.100 euros a cargo da Rede Galega de Cooperación ao Desenvolvemento (RGCUD)
- Responsable(s). Xosé M^a Mahou Lago.

Curso sobre Axenda 2030 e Universidades

- Descrición. Curso orientado a PAS e PDI sobre a orixe da Axenda 2030 e aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible na Universidade.
- Data de realización. Decembro 2019 – febreiro 2020.
- Lugar. Ensinanza non presencial (Faitic).
- Persoas destinatarias. PDI e PAS da UVigo.
- Número de asistentes. 30
- Custo. 2.220,80 euros a cargo da Rede Galega de Cooperación ao Desenvolvemento (RGCUD)
- Responsable(s). Xosé M^a Mahou Lago.

Curso sobre Elaboración do TFG/TFM en perspectiva Axenda 2030 e CUD

- Descrición. Curso orientando ao alumnado para aprender a elaborar unha investigación no ámbito dos ODS e da cooperación ao desenvolvemento.
- Data de realización. Decembro 2019 – febreiro 2020.
- Lugar. Ensinanza non presencial (Faitic)
- Persoas destinatarias. Alumnado da UVigo.
- Número de asistentes. 30
- Custo. 2000 euros a cargo da Rede Galega de Cooperación ao Desenvolvemento (RGCUD)
- Responsable(s). Xosé M^a Mahou Lago.

3. Campañas sobre axenda 2030 na web da UVigo e redes sociais.

Campañas orientadas a sensibilizar á comunidade universitaria sobre determinadas situacións de vulnerabilidade buscando xerar conciencia e crear o coñecemento necesario para a busca activa de solucións. Estas foron as campañas por mes do ano:

Xaneiro

- O mundo podería ser un pouco mellor a partir de 2030
- Coñeces os 17 obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030?

Febreiro

- Cousas que podes facer para cambiar o mundo
- Bravxs universitarias

Marzo

- Desigualdade de xénero, desenvolvemento insostible
- 22 de marzo, Día Mundial da Auga
- 26 de marzo, Día Mundial da Acción polo Clima

Abril

- ODS 3. Saúde e benestar. Día Mundial da Saúde

Maio

- Día Internacional da Luz
- Día das Letras Galegas
- Día da Diversidade Biolóxica

Xuño

- Día Mundial das Persoas Refuxiadas
- IV Conversa sobre o Cambio Climático

Setembro

- Día das Nacións Unidas para a Cooperación Sur-Sur

Decembro

- Día Mundial da Sida
- Día Internacional do Voluntariado
- Día dos Dereitos Humanos

4. Bolsas.

Axudas económicas destinadas ao alumnado, ben para formarse en temas de Responsabilidade Social Universitaria, Axenda 2030 e Cooperación ao Desenvolvemento, ben para realizar parte do seu TFG/TFM nun PVD.

- 2 Bolsas de formación en Responsabilidade Social Universitaria e Axenda 2030, curso 2018/2019.
- 2 Bolsas de formación en Unidades e Áreas, curso 2019/2020. Área de Responsabilidade Social e Cooperación.
- 5 Bolsas de mobilidade para a realización do Traballo Fin de Grao/Máster no curso académico 2018/2019.

5. Premios.

Recoñecemento ao mellor TFG/TFM no ámbito da Responsabilidade Social, Axenda 2030 e Cooperación ao Desenvolvemento así como ás persoas e institucións cuxo traballo ten salientado no eido da solidariedade e acción social.

- 6 Premios ao mellor TFG/TFM en Axenda 2030, Cooperación ao Desenvolvemento e RSU, 2018/2019.
- Primeira Edición dos Premios Consello Social_Uvigohumana:

Ámbito galego. Foro socioeducativo OS NINGUÉNS

Ámbito internacional. José María Vara Rodríguez (Asociación Enxeñería Sen Fronteiras)

6. Prácticas curriculares.

A través destas prácticas permitiúselles a unha alumna do Máster en Xestión de Desenvolvemento Sostible aplicar e complementar as competencias adquiridas na súa formación académica realizando actividades profesionais na Área de Responsabilidade Social e Cooperación.

7. Proxectos en Aprendizaxe-Servizo (ApS).

A través da primeira Convocatoria de Proxectos en Aprendizaxe-Servizo concedéronse un total de 12 para o curso 2019. Con esta convocatoria buscouse fomentar o uso desta metodoloxía na UVigo, recoñecer estes traballos

como iniciativas de innovación educativa e ofrecer asesoramento na súa implantación.

8. Voluntariado.

Como parte do proceso de reforma do Servizo de Voluntariado que será acometido no ano 2020, no 2019 puxéronse en marcha unha serie de proxectos institucionais orientados a dinamizar o voluntariado entre o alumnado.

- Proxecto Axenda 2030. Axentes de cambio. O alumnado voluntario, logo de recibir entre outubro e decembro de 2019 unha formación de 30 horas (con recoñecemento de 1 ECTS), dará a coñecer a Axenda 2030 e os 17 ODS aos estudantes da UVigo, entre febreiro e abril de 2020, a través dunha serie de actividades.
- Proxecto UVigo cos brazos abertos. O obxectivo deste proxecto foi acoller ao alumnado estranxeiro de intercambio nos tres Campus universitarios da UVigo e facilitarlle a chegada e a integración na comunidade universitaria entre agosto e maio de 2019.

9. Proxectos de cooperación.

Unha das principais funcións que ten encomendada a universidade na implementación da Axenda 2030 pasa por dinamizar a investigación dos ODS baixo unha perspectiva CUD. Neste sentido, a UVigo conta coa Oficina de Proxectos Internacionais que, en coordinación coa Área de Responsabilidade Social e Cooperación, promove e acompaña ao PDI no deseño e implementación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Dúas foron as convocatorias nas que se participou:

- Convocatoria de 2019 da Xunta de Galicia para realizar proxectos de investigación e para crear grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas. Das 5 axudas concedidas, 3 foron para persoal investigador da UVigo.
- Convocatoria da Axencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID) de concesión de subvención para a realización de Accións de Cooperación para o Desenvolvemento no ámbito da innovación correspondentes a 2019. A

UVigo non recibiu ningunha subvención para os dous proxectos presentados.

10. Rexistro CUD da UVigo.

Unha ferramenta esencial para o deseño e posta en marcha de accións sobre cooperación e voluntariado é un rexistro con información actualizada sobre persoas e entidades que traballan neste ámbito. Neste rexistro están inscritos o PDI que desenvolve algún tipo de actividade relacionada coa CUD e Voluntariado, así como entidades sociais que colaboran coa Universidade.





Oficina de I+D

A misión da Oficina de I+D é a de potenciar a utilización do coñecemento científico-tecnolóxico, humanístico e social na nosa contorna socioeconómica, fomentando as relacións cos distintos axentes do sistema de innovación, interactuando coas empresas e centros de investigación, propiciando a explotación dos resultados, consolidando iniciativas emprendedoras baseadas na I+D e contribuíndo á xeración de riqueza e benestar.

Indicadores da actividade do curso 2018-2019

Actividades de Transferencia	Total
Contratos, acordos colaborativos de I+D e de transferencia	
Contratos/Acordos de I+D asesorados	187
Licitacións	10
Contratos de Licenza	7
Acordos de Confidencialidade	22
Acordos de Transferencia de Material	13
Programa IGNICIA de maduración de resultados	
Proxectos acompañados e presentados en 2018	11
Proxectos seleccionados para a segunda fase	6

Propostas financiadas	2
Proxectos en vigor xestionados	5
Patentes solicitadas	
Nacionais	4
Internacionais	6
Patentes concedidas	
Nacionais	14
Internacionais	1
Software	
Software rexistrados	4
Spin-off	
Titorizadas	4
Creadas	4

Balance de indicadores de transferencia

I+D colaborativa e baixo contrato:

Durante este curso asesoráronse desde a Oficina de I+D un total de 187 contratos e convenios colaborativos. Os contratos formalizados, resúmense do seguinte xeito:

- 68 contratos de I+D asinados por un importe de 1.679.760€
- 65 Contratos/Acordos colaborativos derivados de

convocatorias públicas, asinados, por un importe de 2.310.381€

- 54 solicitudes de proxectos de I+D colaborativa ou baixo contrato, en convocatorias públicas, pendentes de resolución ou denegados, por un importe de 2.576.780€.

Proxectos de I+D de ámbito internacional

Neste curso 2017-2018 presentáronse 59 propostas ao Programa H2020, 55 aos Programas de Cooperación Territorial (INTERREG), e 23 a outros programas europeos de investigación e innovación, o que fai un total de 137 propostas para un total de 40 millóns de euros de subvención solicitada.

Do mesmo xeito, durante o curso, deuse apoio na xestión de 53 proxectos europeos en vigor que representan unha subvención total de 17.000.000 de euros.

Patentes, licenzas e outros acordos de transferencia

Neste curso 2017-2018, tramitáronse 4 solicitudes de patentes nacionais e 6 patentes europeas e internacionais. Asináronse 7 contratos de licenza, baseados en patentes, software e know-how. Nestes acordos estipúlase, habitualmente, un retorno para a Universidade en función do volume de vendas que a empresa licenciataria xenere pola comercialización do produto.

Dentro da actividade cotiá de apoio á transferencia de coñecemento, asináronse un total de 22 acordos de confidencialidade e 13 acordos de transferencia de material (MTA).

Spin-off

En canto ao apoio na creación de spin-off baseadas na I+D, neste curso titorizáronse 5 iniciativas de grupos de investigadores promotores, e puxéronse en marcha 5 empresas coas que se acadou o correspondente acordo de transferencia: Aguas de Rodas SL (Departamentos de Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos e de Ecoloxía e Bioloxía Animal), Enxeñería de mecanizado En-Duro SL (Departamento de Deseño

na Enxeñería), Alen Space SL (Departamento de Teoría do Sinal e as Comunicacions), Ancora Mobile SL (Departamento de Emxeñería telemática) e Hydrosphere (Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal).

Asimesmo, renovouse a convocatoria pública de subvencións a EBTs para a localización nos espazos dispoñibles da Universidade de Vigo en CITEXVI (Campus de Vigo), Centro de Iniciativas Empresariais (Ourense) e Cámara de Comercio (Pontevedra) para a súa incubación. Estas axudas dan apoio as spin-off asumindo os alugueres dos devanditos locais cunha subvención do 50% por parte da universidade.

Programa Ignicia-Proba de concepto

No marco da convocatoria IGNICIA 2018 da Axencia Galega de Innovación (GAIN), recibiron financiamento 2 proxectos: RadioUAV, por un importe total de 394.200€, e AIDFORK, cun financiamento que ascende a 336.060€, ambos do Departamento de Teoría do Sinal e as Comunicacions da universidade. O apoio prestado desde a Oficina de I+D consistiu no acompañamento en todo o proceso de desenvolvemento para acadar os fitos marcados (asistencia a reunións, contacto con GAIN, xestión da propiedade industrial, etc.)

Durante este curso traballouse tamén desde a Oficina de I+D na estratexia de transferencia e negociacións dos tres proxectos concedidos na convocatoria 2016. Así a iniciativa XHS Platform derivou na constitución da empresa Alen Space SL, UBISMART, do que xurdiu a empresa Ancora Mobile, constituída en 2019 e BIOFAST, que pechou a súa participación en IGNICIA co licenza da súa tecnoloxía á empresa Ziacom SL.

Participación en proxectos

A Oficina de I+D está integrada no consorcio do proxecto INTERREG-POCTEP Sherpa do Mar, coordinado pola Universidade de Vigo, que busca establecer unha plataforma eurorrexional de fomento da competitividade no ámbito mariño e marítimo a través do impulso de empresas de base tecnolóxica. O gasto elixible total do proxecto para a Oficina de I+D ascende a 37.529€.

Tamén se participou activamente no “Programa para o deseño, desenvolvemento, implementación e validación dunha metodoloxía de avaliación de carteira tecnolóxica”, promovido pola Axencia Galega de Innovación, coa colaboración de FEUGA, co obxectivo de dotar aos axentes de transferencia do coñecemento dunha metodoloxía homoxénea, que permita unha avaliación rápida e sinxela da súa carteira de resultados.

Actuacións de Promoción e Marketing

Neste curso, as actividades de promoción máis salientables son:

- **Encontros Universidade Empresa:** Organizados conxuntamente pola Oficina de I+D e a Vicerreitoría de Transferencia, teñen como obxectivo poñer en contacto á comunidade investigadora da UVIGO con empresas de diferentes sectores para favorecer a colaboración e as sinerxias. Celebráronse 3 encontros no campus de Vigo orientados aos sectores alimentario (5 de abril), metal (10 de maio) e automoción (21 de xuño), aos que asistiron un centear de persoas.
- **Xornadas:** “A xeración de valor a partir da I+D”. A Oficina de I+D, xunto coa Vicerreitoría de Transferencia, organizou nos tres campus unhas xornadas divulgativas/formativas co obxectivo de amosar á comunidade investigadora as diferentes vías que existen para facilitar o tránsito efectivo dos coñecementos xerados desde a universidade cara á sociedade, ademais de dar a coñecer os servizos que a Oficina presta aos grupos de I+D. Máis de 100 persoas participaron nesta actividade que tivo lugar en Vigo (Facultade de Ciencias e Escola de Enxeñería de Telecomunicación) o 12 de xullo, en Ourense (Edificio de ferro) o 15 de xullo, e en Pontevedra (Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte) o 17 de xullo.
- **Organización do “Encontro con examinador da Oficina Europea de Patentes”,** o 12 de novembro de 2018 no edificio CITE XVI en Vigo, que contou con uns 25 asistentes.

Máis de 200 grupos están censados na base de datos de capacidades de I+D+i (<http://bidi.uvigo.es>), poñendo a disposición da contorna socioeconómica todo o potencial

científico, tecnolóxico, humanístico e social da nosa universidade, accesible tanto en inglés, coma en castelán e galego.

Dispoñemos de catálogos de oferta de I+D+i nos seguintes sectores: Biotecnoloxía, Recursos mariños, Agroalimentación, Ciencias humanas e sociais, TIC, Enerxías renovables e medioambiente, Sector Naval, Sector da Construción, Acuicultura.

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/investigacion/transferencia/oferta/publicacions/index.html

Dispoñemos dunha carteira de resultados de I+D+i conformada por máis de 180 patentes, tecnoloxías, e know-how dispoñibles para o seu licenciamento. No escaparate virtual de resultados pódese acceder a unhas 40 fichas comerciais, distribuídas por sectores. Asimesmo no portal Innoget, (otrivigo.innoget.com), marketplace dirixido a oferta e a demanda de I+D+i, están dispoñibles 18 dos nosos resultados, nos seguintes sectores: TIC, Enerxías, Física, Bioloxía, Agricultura, Agroindustria e Recursos mariños, Medioambiente, Materiais, Fabricación...

Impartición de conferencias:

- Sesión sobre o sistema de innovación impartida no master de Biotecnoloxía Avanzada da Universidade de Vigo. Vigo, 17 de xaneiro de 2029
- Charla no programa EMPREAMARCV-Programa de Emprendorismo Marítimo, para docentes e mentores de Cabo Verde en Galicia, 10 de decembro, Vigo.
- Conferencia sobre protección e explotación dos resultados de investigación, impartida no Máster de Química Industrial da Universidade de Vigo, 15 febreiro.
- Charla “A Universidade cara á excelencia científica”. Encontro de investigadores levado a cabo o 7 de marzo no edificio de facultades do Campus de Ourense.
- Conferencia na Semana da creatividade e a Innovación no Campus de Pontevedra, 9 de abril na Casa das Campás de Pontevedra, Campus CREAS2I.
-

Participación en xornadas/grupos de traballo/premios:

- Membro do xurado dos Premios Emprendedor XXI.

Entrega de premios: 8 de maio na Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela).

- Membro da comisión permanente de RedOTRI.
- Membro do grupo de traballo de Proba de Concepto de RedTransfer.

Asistencia a eventos:

- Xornadas “Vigo ante o seu futuro” (XIII): A innovación como factor de competitividade. 9 de outubro de 2018, Centro Social “Afundación”, Vigo.
- Conferencia sobre o sexenio de Transferencia, Salustiano Mato, 17 xaneiro, Vigo.
- Xornada Business Factory Aero (BFAERO), o día 21 de febreiro en Ourense.
- Xornada de presentación de Agrobiotech, 25 de febreiro, Tecnopole.
- Xornada online sobre programas de Innovación aberta. 28 febreiro, Red Transfer.
- Conferencia “A Transferencia do coñecemento: próximo reto europeo”, Teresa Riesgo, Directora Xeral de I+D+i, 5 de marzo, E. de Enx. Industrial, Vigo.
- VI Encontro de Profesionais de Transferencia e Xestión do Coñecemento, Valencia, 28 e 29 de marzo.
- Encontro IGNICIA organizado pola GAIN “A transferencia de coñecemento ao mercado”, 1 abril, Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela).
- Xornada Business Factory Food (BFF), celebrada en Ourense o día 10 de abril.
- Visita ao demostrador do proxecto SSI (Sistema de Servizos Integrado-”buque sen cables”) Fase III. Parque Tecnolóxico de Valadares, 24 de maio.
- Emprendemento 4.0 no Sector de Automoción de Galicia, organizada por CEAGA, 17 de xuño, Porto do Molle (Nigrán).
- Xornadas Técnicas REDOTRI, celebradas en Madrid os días 27 e 28 de xuño.

Atención de visitas e delegacións

- Reunión con investigadores Campus de Ourense e Concello A Veiga, o 14 de setembro de 2018, co obxectivo de explorar vías de colaboración.
- Reunión con representantes do centro Aquavalor, co obxectivo de incluír ao Campus da Auga no padroado da asociación, Campus de Ourense, 8 novembro.

- Reunión coa empresa Sociedad Textil Lonía. Visita ás instalacións e análise de calidade/materiais, 21 de marzo, Campus da Auga (Ourense)
- Visita do Banco Europeo de Inversións á Uvigo. Planificación de estratexia, xestión e financiamento de I+D na Uvigo. 21 de xuño, Campus de Vigo
- Visita de persoal da Universidade de Bergen á Oficina de I+D, o 8 de maio, para presentar e intercambiar experiencias en transferencia entre ambas institucións.

Asistencia a cursos e xornadas de formación

- Xornada “A protección do software. Dereitos de autor e patentes”: organizado polo CITIC da Universidade da Coruña, tivo lugar o 27 de febreiro.
- Curso RedTransfer de valoración de tecnoloxías, organizado por RedTransfer e Pons Escuela de Negocios, que tivo lugar en Madrid os días 12 e 13 de marzo.
- Curso RedTransfer de Convenios e Contratos de I+D, organizado por RedTransfer e Pons Escuela de Negocios, que tivo lugar en Madrid os días 03 e 04 de abril.
- Curso RedTransfer de Transferencia en Ciencias Sociais e Humanas, organizado por RedTransfer e Pons Escuela de Negocios, Madrid, 29 e 30 de maio.
- Valor da propiedade industrial na investigación sanitaria, 26 de xuño, Santiago de Compostela, baixo a organización de ACIS (Axencia do Coñecemento en Saúde).





Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

A mobilidade de estudantes, PDI e PAS da Universidade de Vigo

Estudantes

Durante o curso 2018-19 un total 679 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas. 297 homes e 382 mulleres.

O programa Erasmus+ Estudos

Un total de 551 estudantes, 240 homes e 311 mulleres, da UVigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación superior en Europa co programa Erasmus+. Destes, 282 estudantes procedían do campus de Vigo, 143 de Ourense e 126 de Pontevedra. As preferencias por país son Italia, Portugal e Polonia quedando Alemaña en 4º lugar de destino .

O Programa de bolsas propias da Universidade de Vigo

Un total de 45 estudantes, 29 mulleres e 16 homes, gozaron dunha bolsa propia da Universidade de Vigo en países extracomunitarios: 8 do campus de Ourense, 13 do campus de Pontevedra e 24 do campus de Vigo. Brasil con

15, México con 14 e Chile con 12 estadias destacan como países preferentes.

O programa ISEP

No marco do programa ISEP, 15 estudantes, 7 homes e 8 mulleres, cursaron estudos en universidades norteamericanas, 14 do campus de Vigo e 1 do campus de Pontevedra.

O programa de bolsas Iberoamérica estudantes de Grao

Gozaron de bolsas no marco desta convocatoria 15 estudantes, 5 homes e 10 mulleres: 2 do campus de Ourense, 3 do campus de Pontevedra e 10 do campus de Vigo.

O programa GE4

3 estudantes do campus de Vigo, 3 homes gozaron de bolsas no marco desta convocatoria en China. Finlandia e Malasia.

O programa de bolsas Iberoamérica Investigación

Unha estudante, muller, gozou dunha estadia en Arxentina ao abeiro deste programa.

O programa de prácticas Erasmus

35 estudantes (17 mulleres e 18 homes), participaron no Erasmus prácticas. O alumnado realizou prácticas nos seguintes países: Alemaña, Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Rep. Checa, Reino Unido e Suecia. Destacan como destinos preferidos: Portugal con 9 mobilidades, Reino Unido con 4 e Países Baixos con 3.. O centro con máis alumnos participantes foi a Escola de Enxeñaría Industrial con 15 participantes, seguida da Facultade de Belas Artes con 5 participantes.

O programa de Libre Mobilidade

14 estudantes: 6 mulleres e 8 homes, 8 do de Pontevedra e 6 do de Vigo.

PDI: 132

89 profesores e investigadores realizaron estadias no estranxeiro co programa Erasmus + KA103, 54 mulleres e 35 homes. 24 do campus de Ourense, 20 de Pontevedra e 45 do campus de Vigo. Portugal, Italia e Polonia foron os destinos preferentes.

6 profesores no marco do programa Erasmus+ KA107, 2 homes e 4 mulleres, a Albania, Camboxa e Exipto.

37 PDI, (23 profesores e 14 investigadores) co programa IACOBUS, VI convocatoria, 19 mulleres e 18 homes realizaron unha estadia nunha universidade portuguesa.

PAS: 8

8 membros do PAS realizaron estadias de mobilidade: 4 co programa Erasmus, 3 homes e, 1 muller e 4 co programa IACOBUS, 3 homes e 1 muller.

A mobilidade nacional de estudantes co programa SICUE

Grazas a SICUE enviáronse 80 alumnos dos cales foron 55 mulleres e 25 foron homes; e recibíronse 35 alumnos dos cales 20 foron mulleres e 15 foron homes. Do alumnado saínte 1 Autónoma de Madrid, 5 Carlos III, 9 Complutense de Madrid, 1 Alicante, 1 Burgos, 4 Cádiz, 10 Granada, 2 Las Palmas de Gran Canaria, 3 León, 9 Málaga, 4 Salamanca, 5 Sevilla, 1 Valladolid, 1 Zaragoza, 2 País Vasco, 2 Pablo Olavide, 2 Politécnica de Madrid, 2 Politécnica de Valencia, 2 Pontificia de Salamanca, 2 Rey Juan Carlos, 2 Da Coruña, 1 de Santiago de Compostela, 2 Autónoma de Barcelona, 1 Barcelona, 1 Girona, 3 Valencia, 1 Jaume I de Castelló, 1 Politécnica de Cataluña. Do alumnado entrante 1 Autónoma de Madrid, 2 Cádiz, 2 Córdoba, 3 Granada, 1 Huelva, 3 León, 1 Las Palmas de Gran Canaria, 1 Murcia, 4 Salamanca, 4 Sevilla, 6 Valladolid, 1 Pablo Olavide, 1 Autónoma de Barcelona, 1 de Alicante, 2 Lleida, 1 Illes Balears, 1 Politécnica de Valencia.

A captación e recepción de estudantes e persoal estranxeiro***Estudantes estranxeiros***

A ORI potenciou a recepción de estudantes de todas as nacionalidades, xestionando a mobilidade de 671 estudantes estranxeiros. 436 mulleres e 235 homes. 540 no campus de Vigo, 61 en Ourense e 70 en Pontevedra. 422 estudantes Erasmus, principalmente de Italia 97; Alemaña 82; Francia 57; Polonia 50; Turquía 25; Reino Unido 22; Portugal 19; República Checa 13; Romanía e Eslovaquia, 9 cada un; Bélxica 7; Grecia 6, Austria 4; Bulgaria, Finlandia, Hungría e Lituania 3 cada un; Países Baixos, Croacia, Irlanda e Islandia 1, cada un; 152 estudantes de convenios de cooperación bilaterais asinados pola Universidade de Vigo e procedentes de México 55, Brasil 25; Arxentina, República de Corea e Chile, 16 cada un; Casaquistán 7; Colombia 5; China 4; Perú 3; Canadá e Uruguai 2 cada un; Taiwan 1; 33 estudantes dentro do programa ISEP procedentes de Estados Unidos 31; Arxentina Puerto Rico 1, cada un; 32 estudantes Erasmus prácticas procedentes de Portugal 12, Francia 6; Italia 5; Bélxica, Reino Unido

e Romanía 2 cada un; Finlandia, Noruega e Turquía 1, cada un; 10 estudantes visitantes procedentes de China 8, México e Italia 1 cada un; 8 estudantes do proxecto KA107 procedentes de Exipto 6 e Casaquistán 2; 6 estudantes do convenio específico de colaboración para o recoñecemento mutuo de estudos EM de Brasil; 4 estudantes de Prácticas Non Erasmus procedentes de Brasil, Francia, Finlandia e Romanía 1 cada un; 3 estudantes no marco do programa Erasmus+ KA2 CBHE ANL-MED procedentes de Alxeria; 1 estudante do programa Bolsas Santander procedente de Portugal; Recibimos tamén a maiores un total de 54 estudantes visitantes estranxeiros de investigación, 32 mulleres e 22 homes procedentes de México 11; Brasil 9; Argentina 7; India 5; Irán e Túnez 3 cada un; Alemania; Chile, España, Italia e Portugal 2 cada un; Canadá, Cuba, Exipto, Xordania e Polonia 1 cada un. Recibíronse tamén 5 investigadores no marco do programa IACOBUS V: 3 mulleres e 2 homes procedentes de Portugal.

Profesores: 79

Desde a ORI facilitouse o apoio institucional para a recepción de 79 PDI, 46 mulleres e 33 homes: 38 con Erasmus+ KA103, 19 con Erasmus +KA107, 22 co programa IACOBUS V

Persoal de administración e servizos: 8

Recibíronse 8 persoas en diferentes servizos da UVigo, no marco do programa Erasmus+ KA103 e KA107 e no marco do programa IACOBUS V, 7 mulleres e 1 home

A participación en programas e proxectos internacionais

A ORI difundiu entre o profesorado a información relativa ás novas convocatorias europeas para presentar proxectos educativos internacionais no marco dos distintos programas promovidos pola Dirección Xeral de Educación e Cultura da Unión Europea e a EACEA, especialmente as accións KA2 de asociacións estratégicas, construíndo capacidades, Jean Monnet, Apoio as reformas de políticas educativas, Erasmus+ Deportes e Europa Creativa.

Neste curso tamén fomentáronse de xeito prioritario e a

través de accións formativas específicas as convocatorias de financiamento de proxectos de innovación e de cooperación ao desenvolvemento da AECID e da Xunta de Galicia.

O persoal técnico da ORI facilitou a comprensión do proceso de solicitude, apoiou na búsqueda de parceiros internacionais e na formación de consorcios, colaborou tecnicamente no deseño e desenvolvemento de novas propostas competitivas, etc. Apoiouse a presentación dun total de 40 propostas de proxectos educativos internacionais.

- Na convocatoria de Erasmus+ CBHE presentáronse un total de 12 proxectos: 1. Enhancing Green Capability in HEI to foster sustainable development in Cambodia (GREENCAP). Entidade coordinadora: Université de Nantes. Coordinador na UVigo: Prof. Manuel Varela; 2- Human Rights and Business: New Teaching Methods and Impact Assesment (HRBTIA). Entidade coordinadora: Universidad de Sevilla. Coordinadora na UVigo: Prof. Carmen Montesinos; 3- Advance quaLity through Pedagogical Engineering Training (ALPET). Túnez. Entidade coordinadora: Politécnico de Porto. Coordinador na UVigo: Prof. Angel Sánchez Bermúdez; 4- Reengineering Education through Active Learning (REAL). Entidade coordinadora: Polytechnio Kritis. Coordinador na UVigo: Prof. Martin Llamas; 5- Learning Optimization and Academic Inclusion Via Equitative Distance Teaching and Learning (LOVED). Entidade coordinadora: Politécnico de Porto. Coordinador na UVigo: Prof. Angel Sánchez Bermúdez; 6- Quality Assurance gLobalization For engineering education harmony with Latin America institutions (QUALIFY). Coordinador na UVigo: Prof. Rebeca Díaz Redondo; 7- Introducing Recent Electrical Engineering Developments into undErgraduate curriculum (IREEDER). Entidade coordinadora: AL-Hussein Bin Talal University. Coordinador na UVigo: Prof. Felipe Gil; 8- South Mediterranean Tunisian Maintenance Center. Entidade coordinadora: University of Sfax, Túnez. Coordinador na UVigo: Prof. Angel Sánchez Bermúdez; 9- Partner universities' network for disseminating best practices and new elaborations of higher education management in Central Asia. Entidade coordinadora: Faraby Kazakh University, Kazakhstan. Coordinador na UVigo: Prof. Angel

- Sánchez Bermúdez; 10- Network of Tunisian University Centers for Project Engineering (NTUC-PrE). Entidade coordinadora: Monastir University, Túnez. Coordinador na UVigo: Prof. Angel Sánchez Bermúdez; 11- TUC-AIDaS Tunisian University Centers for Artificial Intelligence and Data Science. Entidade coordinadora: Monastir University, Túnez. Coordinador na UVigo: Prof. Angel Sánchez Bermúdez; 12- Great. Proxecto como entidade asociada. Coordinador na UVigo: Prof. Stefano Chiussi.
- En relación á convocatoria de KA2 asociacións estratéxicas participamos nun total de 14 propostas de proxectos: 1- Organic production of chestnuts and development of better marketing competences in chestnuts producer (Eco-Chesnut). Entidade coordinadora: Sud Concept, Francia. Coordinador na UVigo: Prof. Jesús Simal; 2- Life and Learn in Europe. Entidade coordinadora: Institute of Technology Tralee. Coordinadora na UVigo: Prof. María Isabel Doval; 3- Innovative Learning of University Computer Aided Accounting. Entidade coordinadora: Politehnika Poznanska. Coordinador na UVigo: Prof. Jorge. Vila; 4- Higher education framework as a support for environmentally sustainable design projects. Entidade Coordinadora: Visoka Skola Strukovnih Studija - Beogradska Politehnika. Coordinadora na UVigo: Prof. Angel Sánchez; 5- Global Change and Genetic Biodiversity from school to society. Entidade coordinadora: Universidad de Santiago de Compostela. Coordinador na UVigo: Prof. Emilio Fernández Suárez; 6- Higher education engineering HE through active learning for growth. Entidade coordinadora: Panepistimio Thessalias. Coordinador na UVigo: prof. Manuel Caeiro; 7-Exploiting the potential of mediation in Europe. Entidade coordinadora: Ismed Group. Coordinadora na UVigo: Prof. Inés Iglesias Canle; 8- Living dyslexia through the eyes of parents and teachers, development of new tools. Entidade coordinadora: Maieutica cooperativa de ensino superior Crl Ismai. Coordinadora na UVigo: Prof. Francisca Fariña; 9- Innovation on the first day. Entidade coordinadora: IPP. Coordinadora na UVigo: Prof. Maria Isabel Doval; 10- Women EntREpreneurs IN action! (WE'RE IN). Entidade coordinadora: Eleo Conseil. Coordinadora na UVigo: Prof. Elena Rivó; 11- Responsible students for Responsible Business. Entidade coordinadora: Instituto Politécnico do Porto. Coordinadora na UVigo: Prof. Belén Fernández; 12- Sinergy and Environment to Empower Decentralized Schools (GREEN SEEDS). Entidade Coordinadora: Cooperativa Sociale Glocal Factory. Coordinadora na UVigo: Prof. Angeles Parrilla Latas; 13- Empowering Victims of Gender-Based Violence through VET for Multiagency Actors (JUSTISIGNS 2). Entidade coordinadora: Trinity College Dublin. Coordinadora na UVigo: Maribel del Pozo Triviño; 14- A new step towards digital transformation through sport science (Digi-Sporting). Entidade coordinadora: Universidad de Castilla la Mancha. UVigo participa a través da rede ENAS.
 - Presentouse un proxecto á convocatoria Jean Monnet: une vision européenne des océans et des mers: pêche maritime et croissance durable, coordinado na UVigo pola Prof. Francisca Fernández Prol, así como un proxecto na convocatoria Erasmus+ KA3 Social Inclusion and Common Values: The social Inclusion and Engagement in Mobility (SIEM). Entidade coordinadora: Erasmus Student Network Brussels e coordinadora na UVigo: Prof. María Isabel Doval. A Universidade de Vigo foi a única entidade galega en participar na convocatoria de European Universities co proxecto: European University of the Atlantic Regions, coordinado pola Université de Nantes. Fomentouse a participación na convocatoria SWAFS da Unión Europea e colaboramos na elaboración da proposta: Gender Report in Universities. A methodology to implement and assess gender equality plans (GENRE). Entidade coordinadora: Universita Degli Studi di Ferrara e coordinadora na UVigo: Prof. María Isabel Doval. Na convocatoria de Erasmus Mundus Joint Master degree participamos como entidade socia na proposta: Theoretical Chemistry and Computational Modelling, coordinada pola Universidad Autónoma de Madrid.
 - Na convocatoria da AECID de cooperación ao desenvolvemento presentáronse dous proxectos: 1- Tecnoloxías innovadoras para la impermeabilización de cubiertas de viviendas con materiales reciclados para familias vulnerables en zonas desfavorecidas, coordinado na UVigo por Prof. Carmen Abreu


- Fernández e 2- Transferencia de tecnoloxía de recuperación de ingredientes funcionais de algas para a “base de la pirámide” poblacional (Algae4All), coordinado na UVigo por Prof. Jesús Simal Gándara.
- Un total de 7 proxectos foron elaborados e presentados á convocatoria de Xunta de Galicia de cooperación ao desenvolvemento: 1- Rede para a innovación sostible da Acuicultura: o caso de Ecuador, do Prof. Jesús Simal Gándara; 2- Formación teórica e metodolóxica, elaboración, aplicación e validación de materiais educativos no Programa de Educación Bilingüe de Mozambique (EDUBILMO) do Prof. Fernando Ramallo; 3- Mediación lingüística para a cooperación ao desenvolvemento (MELINCO) da Prof. María Isabel del Pozo Triviño; 4- Elaboración dun modelo para medir o desempeño das universidades nos ODS do Prof. Carlos María Fernández-Jardón Fernández; 5- Adaptación e transferencia de metodoloxía para a medición da igualdade no traballo como estratexia de desenvolvemento económico (EQUAWORK) da Prof. Belén Fernández-Feijóo Souto; 6- Equipo de desalación de auga salada por osmosis inversa mediante enerxía renovable fotovoltaica (HEXA) do Prof. José Cidrás Pidre e 7- Cooperación para o desenvolvemento Litoral Sostible (Cátedra UNESCO) do Prof. Gonzalo Méndez Martínez.
 - A ORI preparou a solicitude de proxecto UCCI+I+PEI, a cal foi aprobada, para que a UVigo poidese ser considerada como Unidade de Cultura Científica e de Proxectos Internacionais por parte de FECYT e integrarse na rede nacional de UCCs.
 - En relación aos proxectos educativos internacionais aprobados en edicións anteriores e en vigor en 2018-19 proporcionouse asistencia e xestión técnica e financeira, así como coordinación de recursos humanos e seguimento na implementación das actividades previstas en cada un dos proxectos.
 - Encontro de Institucións de Educación superior suecas e españolas. Diálogo e networking, Universidade da Laguna, 14 e 15 de xaneiro
 - Xornada O Brexit e as universidades españolas: Análise do impacto no sistema universitario español da saída do Reino Unido da Unión Europea e plans de continxencia, Representación Permanente en España da Comisión Europea, Madrid, de marzo de 2019.
 - Xornadas CRUE Internacionalización e Cooperación, Universidad de La Laguna, 20-22 de marzo de 2019
 - NAFSA conference. Washington (EEUU), 26-31 de maio de 2019
 - Xornadas sobre o programa Erasmus organizadas polo SEPIE, Universidad de Huelva, 26-28 de xuño de 2019
 - Xornadas sobre o programa Erasmus KA107 organizadas polo SEPIE, Universidad Carlos III, Madrid, 11-12 de novembro de 2019
 - Xornadas sobre o programa Erasmus organizadas polo SEPIE, Madrid, 4-5 de decembro de 2019

Outras actividades

- Actividades de difusión para a participación en programas de intercambio nos tres campus ao longo do curso
- -Xornadas de benvida ao estudiantado internacional en cada campus ao inicio dos dous cuatrimestres.
- -Sinatura dun acordo de colaboración coa Diputación de Pontevedra para a financiación de bolsas complementarias ao estudiantado participante en programas de intercambio.

Participación en feiras e encontros internacionais

- Asamblea Xeral do Grupo Compostela de Universidades, setembro de 2018, na Universidade de Salamanca





Unidade de Análise e Programas (UAP)



A novidade máis relevante no ano 2018 é o inicio do proceso de tramitación do Regulamento de QSP'S, cuxa redacción realizou a UAP para logo pasar a un proceso de consulta para recoller as aportacións de todas as unidades e servizos. O 19 de abril foi presentada a primeira versión do mesmo na Comisión Técnica de calidade, na que os seus membros fixeron achegas, acordándose realizar unha exposición pública que abarcou do 16 de maio ao 15 xuño. Durante este proceso recibíronse 7 propostas para a súa mellora. O 14 de decembro presentouse na Comisión de Calidade e quedando listo para ser aprobado polo Consello de Goberno no ano 2019.

Estatísticas, ránkings e solicitudes de datos

Durante o ano 2018 respóndense 117 solicitudes de datos das que 40 son de clientes internos da propia universidade, mentres que 77 son de demandantes externos (ACSUG, CRUE, prensa...). A 36% das respostas se producen en unha semana ou menos, e o 25% son respondidas no mesmo día.

Como se pode ver nos gráficos a área que ten un maior número de peticións é a académica, seguida pola económica, persoal sendo a xeral a que un menor número de solicitudes sostén.





As canles establecidas para a solicitude de datos son por correo electrónico e a través do formulario habilitado no Portal de Transparencia. Ademais tal e como establece a normativa de transparencia realízase ao final de ano un estudo dos datos máis solicitados co obxecto de incorporalos aos datos publicados no Portal.

Como podemos ver na táboa que se adxunta, as respostas dadas en máis dun mes corresponden na súa maioría a datos solicitados para rankings e estatísticas. O gran volume de información que se solicita nestes casos, sendo incluso necesaria a recompilación da mesma a través de diversos servizos, o tratamento intensivo que hai que facer dos datos e o prazo que se abre para a súa contestación, xustifica que se trate de solicitudes con respostas que se alongan no tempo.

Xestión de indicadores dos programas institucionais


A UAP ten encomendadas as tarefas relativas ao cálculo de indicadores de resultados de diversos programas:

- Contrato programa de centros: a UAP realiza en novembro o cálculo dos novos indicadores establecidos na normativa e que servirán de base para o reparto orzamentario correspondente.
- Programa de seguimento de titulacións oficiais: co obxecto de proporcionar ás comisións de centro os indicadores necesarios para a elaboración da memoria de seguimento de titulacións, realizamos o cálculo e publicación na web dos indicadores aprobados no programa.
- Programa de acreditación de titulacións oficiais: a UAP realiza o cálculo e publicación dos indicadores aprobados pola ACSUG, correspondente ás titulacións oficiais que se acreditan cada ano.
- Programa de certificación do Sistema de garantía interna de calidade dos centros: Seguindo o calendario previsto a UAP realiza o cálculo e publicación dos indicadores do panel do Sistema de garantía interna de centros.

Solicitude por área 2018



Clasificación interna QSP 2018.



Transparencia

Con motivo da entrada en vigor das leis de transparencia estatal e autonómica e do propio Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da UVigo realízase a revisión das obrigas de publicidade activa recollidas na antedita normativa. Para facilitar a visibilidade e accesibilidade da información publicada centralízase a información a través do Portal de transparencia. Así mesmo xestiónanse as solicitudes de dereito de acceso, pola UAP. As solicitudes de dereito de acceso no ano 2018 foron un total de 20, das cales 9 foron realizadas co formulario específico e 3 a través do Rexistro da UVigo e 2 a través da Comisión de Transparencia de Galicia. Os datos máis solicitados son os relacionados con cuestións académicas, tales como o número de persoas matriculadas, persoas graduadas e taxas de éxito.

Por outra banda a Universidade de Vigo obtén o noveno posto na transparencia das universidades dentro do ranking realizado pola entidade Dyntra.

Sistema integrado de información universitaria

A UAP coordina, en colaboración cos servizos informáticos, as tarefas do Sistema integrado de información universitaria (SIIU), co que se elaboran entre outras as estatísticas do Plan nacional de estatística.

Ao longo do ano, seguindo o calendario previsto, a UAP realiza tarefas de supervisión, contraste cos datos propios e validación dos ficheiros das áreas de bolsas, académica, económica e de recursos humanos.

Por outra banda e dada a utilidade da información existente no SIIU, ao longo do realízanse varias descargas de ficheiros dos principais indicadores do Sistema universitario español, e procédese a súa publicación a través da Secretaría Virtual, de xeito que poida ser accesible a todos os membros da comunidade universitaria.

Sistema de queixas, suxestión e parabéns

No ano 2018 recibíronse a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns un total de 627 QSPs. De todas

elas 519 corresponden ás categorías de demanda, parábén, queixa, reclamación e suxestión. As 108 restantes corresponden as categorías “non clasificable” e “solicitud”, son igualmente analizadas aínda que non se teñen en conta na análise posto que non son, en puridade, queixas, suxestións ou parabéns. Cómpre aclarar que se contestan igualmente.



Responsabilidade social

Co obxectivo de visibilizar o compromiso da Universidade coa RS, ao longo de 2018 a UAP continúa identificando e publicando a través da web, as actividades da universidade que xeran un considerable impacto directo ou indirecto, socioeconómico e medioambiental, para a universidade mesma, para os seus grupos de interese e para a sociedade en xeral. A UAP colabora tamén na realización da memoria de RSU que se publica anualmente.

Neste senso a UAP colaborou coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, para a realización do ranking THE University Impact ranking, o cal pretende medir o impacto das Universidades na sociedade a través da implicación da mesma na consecución dos obxectivos da Axenda 2030.

Outras actividades

- Cabe destacar, entre outras actividades, que a UAP, a través do seu coordinador, participou activamente no proxecto para a nova Web da Universidade de Vigo, que implicou un cambio total da imaxe da nosa universidade en internet. Procurando coa mesma dar unha información o máis actualizada posible e adaptada cara os perfís das persoas usuarias: estudantado, PAS, PDI e empresas.
- Tamén se colaborou nas aplicacións informáticas de normativas e convocatorias. No primeiro caso e unha aplicación que permite a xestión e a publicación da lexislación oficial, sexa europea, estatal, autonómica ou propia da nosa Universidade, a través da Secretaría Virtual, de tal xeito configúrase como un repositorio de normativa. Pola súa banda a aplicación de convocatoria permite a xestión centralizada de todas as convocatorias da UVigo.
- Persoal da UAP participa activamente nas reunións da Comisión de Calidade, prestando apoio técnico e administrativo á propia Comisión e as súas comisións delegadas, tanto Técnica como Académica.


Formación

Durante o ano 2018 o persoal da UAP realizou con aproveitamento a formación que se detalla na seguinte táboa.

Programa formativo	Organizado	Horas	Programa
Xestión de estudos de grao	UVigo	30	Matrícula de novo ingreso, permanencia e progreso, transferencia e recoñecemento de créditos, convalidación, notas medias, xestión de actas, TFG, avaliación por compensación, xestión de títulos suplemento de europeo ao título, memorias de verificación, breves nocións de programas de mobilidade e de prácticas curriculares e extracurriculares.
Transparencia, bo goberno e acceso á información pública	UVigo	20	Normativa, publicidade activa, reutilización da información, dereito de acceso a información pública, bo goberno e goberno aberto, mecanismos de coordinación e control e transparencia, calidade e excelencia.
Admin. electrónica	UVigo	4	Administración electrónica, documentos, ENI, Sinatura Dixital, rexistro electrónico, regulación e GEISER.

Durante o 2018 a aprendizaxe persoal e grupal dentro da propia unidade foi constante, conseguindo, de xeito colaborativo, avanzar na mellora continua na execución das súas tarefas diarias. das súas tarefas diarias





Unidade de Cultura Científica e da Innovación

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) comezou o seu camiño na Universidade de Vigo en marzo de 2019. Dependente organicamente das vicerreitorías de Investigación e de Comunicación e Relacións Institucionais, o seu traballo atinxe a todos os ámbitos de coñecemento e artículase nas seguintes cinco grandes liñas de actuación:

- Difusión dos resultados da I+D+i desenvolvida na Universidade de Vigo e o seu impacto na sociedade, así como a posta en valor da investigación e da figura da persoa investigadora.
- Divulgación xeral de ciencia e tecnoloxía.
- Asesoramento e formación ao corpo investigador en comunicación científica, comunicación social da ciencia e relación con medios de comunicación.
- Fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas.
- Investigación nos procesos da comunicación social da ciencia.

Creación e mantemento das redes sociais da UCC+i

Desde abril de 2019, a UCC+i ten presenza e actualiza a diario os seus perfís nas seguintes redes sociais, compartindo noticias de interese, difundindo resultados

de investigación, fomentando as vocacións científicas e compartindo material audiovisual de creación propia, ademais de dar difusión ás diferentes actividades de divulgación científica organizadas na Universidade:

- Facebook: 115 publicacións, 395 persoas ás que lle gusta e 412 seguidores
- Twitter: 138 tuits e 230 seguidores
- Instagram: 13 publicacións e 317 seguidores
- LinkedIn: 89 publicacións e 132 seguidores
- Youtube: 7 vídeos e 20 subscritores

Conversas sobre o cambio climático

A UCC+i, en colaboración coas vicerreitorías de Investigación e de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, organizou este ciclo de conferencias para poñer de manifesto o compromiso da Universidade de Vigo coa Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. Concretamente, esta acción divulgativa vincúlase co ODS 13 de Acción polo Clima e trata de achegar a ciencia e o traballo do persoal investigador ás rúas, aos lugares de encontro habituais da sociedade para fomentar o seu interese e o seu coñecemento nesta materia.

Durante o curso 2018/2019 realizáronse catro conversas:

26 de marzo de 2019 no campus de Vigo

«Mitos e certezas do cambio climático» a cargo de Juan Antonio Añel Cabanelas, investigador Ramón e Cajal no EPhysLab

11 de abril de 2019 no campus de Ourense

«Que significa o acordo de París» a cargo de Laura Movilla Pateiro, directora da Área de Internacionalización

25 de abril de 2019 en Vigo

«Alteracións climáticas e quecemento dos océanos» a cargo de Maite de Castro, profesora titular especialista en oceanografía física, enerxía eólica e cambio climático

27 de xuño de 2019, en Pontevedra

«Xestión socioeconómica do cambio climático» a cargo de Xavier Labandeira, catedrático de Economía e investigador do grupo REDE e moderada por Natalia Puga, xornalista de PontevedraViva

Xeración de contidos audiovisuais

Co obxectivo de aportar maior dinamismo ás redes sociais da UCC+i e, sobre todo, coa intención de fomentar as vocacións científicas e de achegar o coñecemento e o traballo do persoal investigador da Universidade á sociedade, elaboráronse varias pezas audiovisuais de curta duración, difundidas en días destacados do calendario como parte da estratexia de difusión.

Vídeo polo Día Internacional das Nenas nas TIC difundido o 25 de abril de 2019 con motivo do Día Internacional das Nenas nas TIC (ver)

- Píldora de Yolanda Blanco difundida o 25 de abril de 2019 no Día Internacional das Nenas nas TIC (ver)
- Píldora de Alma Gómez difundida o 25 de abril de 2019 no Día Internacional das Nenas nas TIC (ver)
- Píldora de Beatriz Legerén difundida o 25 de abril de 2019 no Día Internacional das Nenas nas TIC (ver)
- Biodiversidade nun minuto con... Luis Navarro difundido o 22 de maio de 2019 con motivo do Día Internacional da Diversidade Biolóxica (ver)
- Píldora de Luis Navarro no Día Internacional da

Diversidade Biolóxica difundida o 22 de maio de 2019 co gallo do Día Internacional da Diversidade Biolóxica

- Pescadores de plásticos difundido o 5 de xuño de 2019 co gallo do Día Mundial do Medio Ambiente (ver)
- Vídeo polo Día Mundial das Persoas Refuxiadas difundido o 20 de xuño con motivo do Día Mundial das Persoas Refuxiadas (ver)

Unha cuestión de ciencia

En abril de 2019 a UCC+i elaborou e presentou o proxecto do programa anual de actividades «Unha cuestión de ciencia» á convocatoria de axudas para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) na modalidade 4.1, dirixida á rede de unidades de cultura científica e da innovación.

Trátase dun plan de acción anual que pretende achegar a ciencia ao ámbito cotiá a través dunha grande variedade de eventos e 14 vídeos divulgativos. Como eixo estratéxico para a difusión de cada temática científica utilizaríanse conmemoracións recoñecidas pola UNESCO no ámbito internacional así como diferentes ferramentas e formatos como xornadas, concursos, obradoiros ou conferencias para aproximar o traballo dos grupos de investigación á sociedade.

O elemento innovador común a todas as actividades é a elaboración de 14 píldoras audiovisuais que, baixo o título «Que facemos?» difundidas nas redes sociais cunha linguaxe sinxela e accesible, unha montaxe dinámica e unha duración curta para atraer a atención do público. Ademais, este plan inclúe a creación do libro ilustrado Quero ser investigadora protagonizado por 10 docentes e investigadoras da Universidade de Vigo, cun claro obxectivo de fomentar as vocacións científicas das máis cativas.

Execución do plan anual «Unha cuestión de ciencia»

O proxecto «Unha cuestión de ciencia» constitúe a base para a execución do plan anual de actividades desta unidade para o curso 2019/2020. Para poder realizar estas accións segundo o calendario preestablecido, a UCC+i

desenvolveu as seguintes tarefas nos últimos meses do curso 2018/2019:

- Elaboración do libro ilustrado Quero ser investigadora (selección e contacto coa ilustradora, selección e contacto coas protagonistas, realización de fotografía; coordinación do traballo coa ilustradora e redacción de textos)
- Preproducción, realización e posproducción de cinco vídeos da serie «Que facemos?» (Laboratorio de Neurociencia, Grupo de investigación Language Variation and Textual Categorisation, A astrofísica e o Observatorio Astronómico de Forcarei; Proxecto FIRE-RS e Grupo de Investigacións Agrarias e Alimentarias).

Outros traballos

- A UCC+i traballa en colaboración con outros departamentos da Universidade para garantir o cumprimento dos seus principais obxectivos: promocionar a cultura científica, tecnolóxica e da innovación.
- Documentación, guionización e montaxe de vídeo xenérico sobre a investigación da Universidade de Vigo (que se difundiría durante o curso 2019/20).
- Recollida de datos sobre os eventos do sector MICE levados a cabo na Universidade de Vigo no ano 2019 e previsión de eventos futuros para enviar á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

Con UVigo TV

- Preproducción da participación da Universidade de Vigo na 3.^a tempada das series de vídeos «Universo Sostenible» e «La Universidad Responde», emitidas no programa «La aventura del saber» de La2 de TVE.
- Elaboración de voz en off para o vídeo de presentación do proxecto LifeDemoWave e colaboración como asistente de cámara no evento de presentación.

Coa Vicerreitoría de Transferencia

- Preproducción, guionización e minutado do vídeo promocional da Universidade de Vigo para a feira MINDTECH (ver)
- Co Gabinete de Prensa
- Elaboración de novas para o Diario Dixital da Universidade de Vigo (Duvi).
- Coa Área de Normalización Lingüística

- Organización da Semana da Divulgación Científica en Galego que se executará durante o curso 2019/2020).


Co Centro de Linguas

- Realización de 10 vídeo-tutoriais en inglés co profesorado do Centro de Linguas.
- Realización dun vídeo promocional da experiencia dos alumnos e alumnas do programa ISEP no Centro de Linguas.

Co Campus do Mar

- Xestión das redes sociais do Campus do Mar e do National Hub Spain (Facebook e Twitter)
- Creación de contidos e administración da páxina web
- Cobertura de eventos: difusión e reportaxe fotográfica





Unidade de Igualdade

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Para o ano académico 2018-2019 a Unidade de Igualdade patrocinou, a través das súas convocatorias de axudas, as seguintes actividades:

- Actividades sensibilización con perspectiva de xénero
- A muller no mundo forestal galego
- Un día no CINBIO
- Mulleres economistas sen límites.
- A muller na profesión da enxeñaría de minas e enerxía.
- Ciencia dos materiais con perspectiva de xénero
Visibilización en positivo
- Feminización e xustiza
- Intérpretes pioneras (1900-1953): tendiendo puentes
- Women in machine learning & data science Galicia
- Recuperando referentes. Directora sobre directora
- A Igualdade na axenda 2030

Actividades docencia con perspectiva xénero

- A pornificación do corpo das mulleres: o feminismo de cuarta onda.
- Mulleres traballadoras na pesca en Galicia:
- Olladas á antigüidade. Mulleres que entreteñen en mulleres que se entreteñen
- Precariedade da traballadora ante os empregos dixitais atípicos
- Identidades creativas. Sen moldes III.
- Didáctica da expresión artística desde a perspectiva de xénero Interpretación en contextos de violencia de xénero
- Feminismo y teoría del derecho
- Axitando a heteronormatividade: performance, sexualidade y disidencia
- Práctica docente con equidade de género
- Congreso euroamericano de dereito e política.
- Contabilidade e control de xestión desde unha perspectiva de xénero

Durante o mes de novembro resolveuse a terceira convocatoria dos Premios EGERIA de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster. Os traballos gañadores foron:

Traballos fin de máster:

Ámbito Xurídico-Social:

- “Persistencia de estereotipos de xénero na elección de ciclos formativos. Caso da familia profesional agraria”.

Autora: Noelia García Ferreiro

Mestrado en Formación do Profesorado en Educación Secundaria

Ámbito Científico-Tecnolóxico:

- “A sustentabilidade oceánica a través da figura de Ángeles Alvariño ”

Autora: Sabela Domínguez López.

Mestrado en Formación do Profesorado en Educación Secundaria.

Ámbito Artes e Humanidades:

- “O slam das brasileiras: o espazo público paratradutor das reivindicacións feministas transnacionais”

Autora: Claudia Iglesias Arriaran.

Mestrado en Traducción para a Comunicación Internacional

Traballos fin de grao:

Ámbito Xurídico-Social:

- “A influencia do feedback avaliativo nas percepcións do alumnado de Educación Física”

Autora: Jairo Pazos Veiga.

Grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Ámbito Científico-Tecnolóxico:

- “Nivel de formación e actitudes do persoal sanitario para atender a mulleres vítimas de violencia de xénero”

Autora: María Casanova Ramos.

Grao de Enfermería

Ámbito Artes e Humanidades:

- “Cine de autora en Galicia: La figura de la cineasta Manane Rodríguez (1990-2016). CON PRODUCCIÓN DE TRÁILER”

Autora: Alba Tomé Sueiro.

Grao en Comunicación Audiovisual

- Realización do Boletín mensual da Unidade de Igualdade.
- Activación 10 veces do Protocolo de actuación para o cambio de nome e de xénero de uso común das personas transexuais, transxénero e intersexuais da Uvigo

Días especiais

- O día 23 de setembro, Día Internacional contra a Trata de Persoas e a Explotación Sexual, exposición “Excusas” de Médicos del Mundo nos tres campus. Ponencia Dna. Amelia Tiganus, activista de Feminicidio.net e supervivente de Trata, 28 de setembro na Casa das Campás (Pontevedra).
- O 25 de novembro Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres presentouse o informe Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo no campus de Ourense. Cartelería enfatizando misoxinia da linguaxe en galego e castelán. Manifesto da rede de Unidades de Igualdade de Xénero universitarias (RUIGEU).
- O 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, desenvolvemento dos programas “Exxperimenta en Feminino” (Ourense), “Elas fan CienTec” (Vigo) e o «II Concurso escolar de debuxo e redacción ».
- O 8 de marzo Día Internacional da Muller Traballadora, acto institucional da UVigo (04/03): entrega do sétimo premio Uviguala a exdirectora da Unidade de Igualdade, Anabel G. Penín; acto coas actuacións Sabela King e Sandra Varela. A alumna Nuria Ferreiro, autora da fotografía do poster do 8M, leeu o manifesto do alumnado.

Medidas singulares

- -Deseño das Medida de “acción positiva” nas convocatorias de avaliación do PDI propias da UVigo, aprobada polo Consello de Goberno o 29 de abril de 2019.
- -Incremento da financiación externa para as actividades da Unidade de Igualdade: 60.000 (DEP)+100.000€ (Secretaría Xeral de Igualdade)
- Actualización do Observatorio de Igualdade. Inclusión de dous novos informes:

Informe cos datos máis relevantes do Portal de Transparencia analizados dende a perspectiva de xénero.

Informe da Diagnose de necesidades de Conciliación entre a Comunidade Universitaria (realizado pola socióloga Iria Vázquez Silva para a Unidade de Igualdade)

- Deseño do Protocolo de Prevención fronte á situación do acoso sexual nas festas universitarias. Formación o día 25 de setembro para o voluntariado lila. Puntos Lila nas festas patronais: San Teleco 27/09 e Santa Bárbara o 29/11 de 2018.
- Deseño da recomendación para favorecer a conciliación do PDI na elección de horarios, en coordinación co Vicerreitorado de Profesorado.
- Presentación como Good Practices for Achieving Gender Equality in Recruitment and career development of researchers in Europe ante a FCYT a petición do Ministerio de Ciencia, non webinar para 46 institucións europeas de investigación.
- Cinco Salas de Lactación nos 3 campus, coordinación co Vicerreitorado de Planificación.
- Feminización dos espazos públicos (edificios). Visita de María Teresa Fernández de la Vega, o luns 22 de abril, a fin de inaugurar os edificios.

Actividades de formación

- Xornadas Violencia Off. Xornadas de prevención e sensibilización sobre violencia sexual na mocidade coa Secretaría Xeral de Igualdade, nos tres Campus.
- Curso “Incorporación do análise de xénero a investigación”, o mes de novembro de 2018 impartido pola Catedrática de Socioloxía, Dña. Capitolina Díaz, coordinación xunto coa Área de Innovación e Formación Educativa.

Participación en encontros, xornadas e seminarios

- Reunión CRUE-Sostenibilidade, Universidad Politécnica de Cartagena os días 4 e 5 de Outubro de 2018.
- XII Encontro de Unidades de Igualdade, os días 4 e 5 de abril de 2019 na Universidade de Alicante
- Curso de Verán en Lalín os días 09 a 13 de xullo de 2019 XV Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0
- X Xornadas de Formación e II Xornadas Internacionais Educación, Xénero e Igualdade organizadas polo CIFEX da USC o día 02 de outubro de 2018, participando na mesa de debate entre as Unidades de Igualdade do SUG
- Constitución do Observatorio Contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero da Secretaría Xeral de Igualdade o 21 de xuño de 2019.

Outras actividades

- Edición do calendario 2018 «Igualdade e Cooperación ao Desenvolvemento», con versión descargable na web da Unidade de Igualdade.
- A Unidade de Igualdade, en colaboración coa Unidade de Análisis e Programas, realizáronse informes para a Valedora do Pobo de Galicia e o Informe para a Secretaría Ministerio de Ciencia, en

relación a datos desagregados por xénero e políticas de xénero da nosa universidade.

- Finalista dos “Premios NOVAGOB Excelencia 2019” (innovación no ámbito da administración pública).
- A Unidade de Igualdade cofinanciou a publicación o “Informe de Acoso Sexual e por Razón de Sexo” na nosa universidade, -iniciativa pioneira nas universidades do noso país.
- Coordinación coas unidades de Igualdade galegas e nacionais para a confección de manifestos conxuntos para celebración de días especiais (8M, 25N, 28 Xuño)

Actividades pacto de estado contra a violencia de xénero

Participación no Pacto de Estado contra la Violencia de Género: 100.000€ (Secretaría Xeral de Igualdade)

Formación

- Curso Formación virtual en xénero dirixido ao alumnado, PAS e PDI
- Tradución ao galego das Guías docentes con perspectiva de xénero Xarxas Vives.
- VI Xornada Universitaria Galega en Xénero. 14 de xuño de 2019.
- Xornada sobre “Comunicación, Xénero e Violencia contra as Mulleres”, 24 de outubro (Campus de Pontevedra). Enclave Feminista.

Sensibilización

- Campañas de prevención de acoso sexual en redes sociais. Cooperativa Numax
- Mapas dos campus seguros para as mulleres. Cooperativa Numax
- Campaña de masculinidades non tóxicas. Cooperativa Numax
- Vídeos da compañía de Teatro A Panadería alumnado de novo ingreso. Xornadas acollida curso 2019-2020.
- Difusión do Diagnóstico sobre acoso sexual e por razón de sexo, no Calendario 2020. Laboratorio Numax
- Material sensibilización violencia de xénero: Violentometro, minilibros, folletos, etc.

Investigación

- Estudo e Diagnóstico das aptitudes xerais sobre igualdade e violencia de xénero. Consultora Red Talento
- Estudo da percepción do consumo de sexo comercial. Cooperativa Ciudadanía.
- Bibliolabs sobre Violencia de Xénero. Faladoiros e bibliografía. Biblioteca Uvigo e Librería Mulleres Lila de Lilith.

Actividades pacto de estado contra a violencia de xénero

Sinatura da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO, (60.000€ en 2019).

- Convocatoria, resolución e seguemento de investigación
- Convocatoria, resolución e seguemento de Bolsas de Movilidade
- Deseño e organización Workshop
- Outras actividades



Orzamento



Orzamento

Ingresos	2019
Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.584.500 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	127.117.911 €
Capítulo V. Ingresos Patrimoniais	288.000 €
Capítulo VI. Alleamento de Inversións reais	400.000 €
Capítulo VII. Transferencias de Capital	29.496.028 €
Capítulo VIII. Variación de Activos Financeiros	7.648.650 €
Capítulo IX. Variación de Pasivos Financeiros	
Total Orzamento Ingresos:	182.535.089 €

Gastos	2019
Capítulo I. Gastos de persoal	109.126.119 €
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos	28.034.976 €
Capítulo III. Gastos financeiros	379.450 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	7.345.470 €
Capítulo V. Fondo de Continxencia	200.000 €
Capítulo VI. Inversións reais	35.609.074 €
Capítulo VIII. Activos financeiros	140.000 €
Capítulo IX. Pasivos financeiros	1.700.000 €
Total Orzamento Gastos:	182.535.089 €

